



| | | |
|-----------------------------------|----------------------------|-------------------------------|
| <u>Acta número:</u> 13 | <u>Pleno do Concello</u> | |
| <u>Data da sesión:</u> 18.11.2013 | <u>Carácter:</u> Ordinaria | <u>Convocatoria:</u> Primeira |
| <u>Lugar:</u> Teatro Principal. | | <u>Hora:</u> 11:08 |

Asistentes

Presidente/a: D. Miguel Anxo Fernández Lores

D^a María dos Anxos Riveiro Portela
D. Xose Cesáreo Mosquera Lorenzo
D^a María do Carme Fouces Díaz
D. Raimundo González Carballo
D. Vicente Garcia Legísima
D^a María Carmen da Silva Méndez
D. Xosé Luis Bara Torres
D. Demetrio Gómez Xunqueira
D^a María do Pilar Comesaña Hermida
D. Miguel Anxo Filgueira Touriño
D. Jacobo Moreira Ferro
D^a María José Rodríguez Teso
D. Ricardo Alfonso Heliodoro Aguilar Argenti
D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo
D^a Beatriz García Riestra
D^a María Biempica Ortiz
D. Pablo Fernández López
D. César Alberto Abal González
D^a Rosa Encarnación Picallo Quiveo
D. Miguel Ángel Meijón Couselo
D. Antonio Louro Goyanes
D. Agustín Fernández González
D^a Carlota del Carmen Román García
(D. Xosé Luis Bará Torres incorpórase durante o debate do punto 3 dos incluídos na orde do día).

Secretario Xeral do Pleno: D. José Luis Mato Rodríguez

Interventora: D^a Blanca Vega Lorenzo

Non asiste: D^a Eloisa María Nogueira Garrido

Constatada a existencia de quórum bastante para a súa constitución, o Sr. Alcalde-Presidente, declara constituída e aberta a sesión.

ORDE DO DÍA:

A) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR :

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 28.10.2013.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria de 28.10.2013, que é aprobado por unanimidade (23) e sen modificación ningunha.

B) PARTE RESOLUTIVA:

2.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER, O 25 DE NOVEMBRO.

O **Sr. Alcalde-Presidente** da lectura á seguinte declaración institucional, consensuada polos grupos políticos municipais e aprobada polo asentimento unánime (23) do Pleno do Concello:

“Un ano máis, o Concello de Pontevedra quere lembrar que a violencia de xénero non se combate só 25 de novembro, mais utilizamos esta data para seguir reclamando o dereito a vivir sen violencia. Pero nestes tempos, ademais vémonos na obriga de denunciar o enorme retroceso que estamos a sufrir, e as consecuencias sociais que arrastra.

A violencia de xénero non é un problema simplemente das mulleres que a sofren, senón que atinxe a toda a cidadanía. É a mostra máis brutal das desigualdades sociais.

Son demasiados os datos que apuntan que as ferramentas que temos para loitar contra a violencia coas mulleres non abundan e ademais úsanse na súa contra. As mulleres están abandonadas e o que é peor, elas mesmas están abandonado a loita.

Reprimir a violencia sexista , contribuír a borrar estereotipos de xénero e prexuízos ideolóxicos e /ou relixiosos e denunciar calquera retroceso nos dereitos das mulleres como donas dos seus corpos e as súas vidas , son obrigas diante das que non estamos dispostos/as a dubidar.

A dependencia económica é o maior obstáculo para que as vítimas de violencia de xénero rachen coa relación que pon en perigo as súas vidas. Os orzamentos que se destinan para pór solución a este primeiro chanzo nin se aproximan ao que deberían ser.

Este panorama conforma un freo para denunciar, polo temor ao non encontraren emprego e verse sen recursos para saíren adiante.

Debemos apostar polos camiños que nos levan a erradicación da violencia contra as mulleres, apoiando políticas que garantan a súa seguridade e a subsistencia digna delas e dos seus fillos e fillas. As administracións temos a obriga de crear o marco para favorecer as denuncias, condenar aos violentos e promover unha sociedade verdadeiramente igualitaria.

Os recortes en igualdade e o incumprimento da lexislación condúcenos cara un destino escuro e perigoso. Por iso este 25 de novembro, máis que nunca, alcemos a voz para reclamar un verdadeiro apoio ás mulleres vítimas da violencia machista.”



3.- URBANISMO: MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PEPRICA PARA O CUMPRIMENTO DA SENTENZA DO TSX GALICIA DE 02.07.2009, PROCEDEMENTO ORDINARIO 0004090/2007, CONFIRMADA POLA SENTENZA DO 03.05.2013 DO TS, NO RECURSO DE CASACIÓN NÚMERO 5312/2009-, RESPECTO DO ELEMENTO Z4-C52-16, QUE ATINXE AO PREDIO E EDIFICIO SITO NA RÚA MICHELE-NA Nº 24.

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, o Sr. Secretario dá lectura ao ditame da Comisión Permanente de Urbanismo e Medio Ambiente, de data 14.11.2013, favorable por maioría (abstención do grupo municipal do Partido Popular), á proposta de cumprimento de execución da Sentenza ditada o 02.07.2009 pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) no procedemento ordinario 0004090/2007, aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión de 14.10.2013.

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente**, concede o uso da palabra, en representación do grupo municipal do Partido Popular, a don Ricardo Aguilar Argenti.

O **Sr. Aguilar Argenti**: Buenos días, Sr. Alcalde, muchas gracias.

A nuestro grupo nos sorprende, de entrada, que ni el Partido Socialista ni el Bloque Nacionalista Gallego tengan nada que explicar sobre este punto. Es un punto que merece una mínima explicación para justificar la aprobación de esta modificación puntual y entonces, debido a ello, da la sensación de que quiere mantener, entendemos nosotros, algo que se ha mantenido oculto durante cierto tiempo y ahora querían a ver si podían seguir esa misma línea y dejarlo en algo como desconocido o algo que había que hacer porque había una sentencia.

Realmente nuestro partido tiene que aclarar por donde proviene este tema y quien entendemos que tiene las responsabilidades de que esto haya ocurrido, esto surge como modificación puntual de otra modificación puntual en el plan especial del casco histórico y motivado a la negligencia, entendemos nosotros, del responsable, que llevaba los asuntos urbanísticos en aquellos momentos, año 2006, que era el Bloque Nacionalista Gallego, en el cual era el delegado de la Comisión de Urbanismo, por cesión del Sr. Alcalde, don Cesáreo Mosquera Lorenzo -tiene gracias que fuera usted, verdad-. En aquellos momentos se acordó hacer una modificación puntual el PEPRICA denominado de una manera vulgar, el plan especial del casco histórico, para que el edificio señalado 24 de la calle Michelena, se permitiera adicionar una planta más de las que recogía el plan especial. Se toma el acuerdo pero se comete un error, que en la ficha no se recoge la protección, la categoría de protección que correspondía para poder adicionar esa planta. Es decir, inicialmente el plan especial señalaba que el edificio número 24 de la calle Michelena, debía mantener el número de plantas existentes y, además, tendría la protección con la categoría de estructural.

Atendiendo a un recurso, o a una demanda, o a una alegación, para ser preciso de los propietarios de ese edificio, este Ayuntamiento autorizó la adición de una planta más a dicho edificio, pero en la ficha se les olvidó, corrigieron la protección estructural porque era imposible con protección estructural hacer adiciones y la modificación con la protección ambiental tipo A. Este tipo de protección, la denominada ambiental tipo A, tampoco admite adiciones, es decir, se acepta la adición de una planta pero

sin embargo no se corrige correctamente la ficha, no cabe duda que hay un responsable político de todo eso, y el responsable político a 2006 era don Cesáreo Mosquera, no cabe duda que usted era presidente de la comisión, usted llevó este asunto a la comisión, usted lo propone y usted tiene dedicación exclusiva para atender los documentos que presenta a las comisiones, no tuvo la oportunidad, o no tuvo tiempo o no tuvo ganas, de comprobar la corrección oportuna de la ficha y quedó como tal, con protección ambiental A, que impedía adicionar la planta que por otro lado se había aprobado.

¿Qué tenían que haber hecho?, corregir la ficha en las partes que afectaba y pasar de la protección ambiental A a la B, pero no les importó tampoco atender un recurso contencioso-administrativo que presentan los propietarios de este edificio en donde solicitan al Ayuntamiento que corrijan ese error, ese error que no fue atendido por los políticos que tendrían que resolverlo, por lo menos el máximo responsable.

Este contencioso tampoco impidió que presentada en el 2008 una licencia para adicionar esa planta la licencia fuera concedida aún a sabiendas porque ustedes si lo sabían, porque había un contencioso donde lo reclamaba, es decir que no estaba oculto por olvido sino que estaba oculto por interés, otorgaron la licencia de adición pero con la protección ambiental A.

Pues bien, ha tenido que haber más recursos, ha tenido que llegar el Tribunal Supremo, han tenido que pasar siete años y ahora nos traen a este pleno modificar el error de la ficha con la famosa protección ambiental A, pasarla a la B, y quieren pasar de puntillas y no hacer ni el más mínimo comentario sobre el asunto. El Partido Popular no va a pasar de puntillas como le estamos demostrando, ustedes si, ya han demostrado que en origen, en inicio, han querido pasar de puntillas y ocultar a la opinión pública sus errores del 2006, errores que ahora, de alguna manera, está teniendo que subsanar el grupo socialista, sus socios, sus socios para que el Sr. Alcalde se el Sr. Lores y no otro, son los que tienen ahora que, de alguna manera, arreglar o quieren arreglar, que no se han atrevido ahora ni siquiera a hablar, arreglar el desaguisado, el problema, el error, la falta de ocupación que el presidente de la Comisión de Urbanismo del año 2006, don Cesáreo Mosquera Lorenzo, no tuvo, y ahora tienen que intentar arreglarlo ellos, pero ni siquiera se han atrevido ni a hablar, ¿para qué?, para no perjudicar el grupo que han formado ustedes para poder gobernar.

Por lo tanto, el Partido Popular va a abstenerse, ya lo dijo en la comisión y lo dice ahora en este pleno y se va a abstener por dos razones: una, porque esto ha sido una chapuza, es un nombre ya habitual que se utiliza desde nuestro grupo desde que hubo un juez que consideró y determinó de una manera clara que se hacen chapuzas; y dos, porque han estado ocultándolo hasta estos momentos y ha salido a la luz por una sentencia del Tribunal Supremo que les obliga a traerlo a este pleno para salvarse, digamos salvar un problema. Hay una segunda que también nos ofrece dudas, creemos que la licencia también tiene problemas en cuanto al fondo y al tratamiento de la fachada posterior y ante esa situación nuestro partido se va abstener porque no quiere participar en lo que ustedes ahora querían pasarse de puntillas y resolver como que aquí no hubiese pasado nada.

Muchas gracias, Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Aguilar.

Ten a palabra don Antonio Louro Goyanes, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.



O Sr. Louro Goyanes: Sr. Alcalde, brevemente porque non hai moito que dicir, ao meu xuízo, de este asunto.

Trátase de dar cumprimento a unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que foi confirmada o día 3 de maio de 2013, Sr. Aguilar, non hai tanto tempo, polo Tribunal Supremo e o que temos que facer no Concello de Pontevedra é sencillamente facer o que nos manda o Tribunal Supremo e é dar cumprimento a esa sentenza.

Incidencias.- Incorpórase á sesión don Xosé Luis Bará Torres.

Eu creo que aí está o substantivo do asunto e o demais é retorcer por retorcer e sembrar desconfianza onde creo que non hai motivo para ela. En todo caso, estamos facendo o que hai que facer, sempre respaldado polos informes dos técnicos municipais, non pode ser de outra maneira, Sr. Aguilar nunha penúltima comisión de Urbanismo, a instancias de quen a presidía reclamamos un último informe á Asesoría Xurídica, e creo que é claro e é contundente e, ademais, recomenda unha cousa, recomenda que este cumprimento da sentenza se faga coa maior celeridade posible, non había presa por facelo pero os técnicos municipais así o aconsellan e eu que estou na Comisión de Urbanismo e tócame presidila pois sempre tomamos decisión fundamentadas dende o punto de vista técnico e logo sempre atendendo á oportunidade política das mesmas, pero neste caso estamos exclusivamente nun procedemento de trámite e de cumprimento do que o máximo tribunal nos ten encargado.

Polo tanto, eu sei perfectamente que se vostede, Sr. Aguilar fora neste momento un concelleiro do grupo de goberno seguro que estaría facendo o que nós estamos facendo.

Nada máis e moitas gracias, Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Louro.

En representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.

O Sr. Mosquera Lorenzo: Grazas, Sr. Alcalde. Bos días a todos e a todas.

Mire, creo que temos un pleno suficientemente cargado para que un asunto de mero trámite pois pase como un trámite. Evidentemente o Sr. Aguilar coñece moi ben o asunto, ten interese de parte incluso, pero iso non obvia para que hai certas cousas que non se poden dicir. Mire, aquí se pasou durante moitas décadas intentando facer un plan especial, cal era a situación?, a situación era que Patrimonio, con todos os respectos, a discrecionalidade que usaba para dar licenzas ou non, porque tiñan que ir todas a Patrimonio, en cantidade de veces se convertía en arbitrariedade, así de clariño.

Ben, iniciamos o PEPRICA, xa se iniciou no ano 91, xa houbera intentos anteriores, 92 ou así, despois de mil voltas Patrimonio non quería soltar a competencia ou a discrecionalidade e arbitrariedade, aprobouse por unanimidade de todos os grupos e, en concreto, se quere falar de este edificio, como se planteou entre todos os grupos, este grupo e este señor estaba en contra de dar esa planta, pero había que pactalo, máis ou menos consta así na acta, cando se aprobou. Entonces como había que chegar a un acordo, chegouse, e creo que temos un plan especial que mellorou moitísimo a situación con respecto ao que había antes, entonces non me acuse do que

fixeron os seus daquela, porque foi a proposta dos seus, do PP que isto se sucedera, e de Patrimonio. Comprenderá que todo un plan especial, por tres ou catro edificios, máxime cando patrimonio esixe que non e é que ten a competencia para que senón dá o visto bo non se fai, que non se aprobara por isto. Ou sexa, non me retorza a historia, a historia foi como foi, foi exactamente como a estou contando.

Con respecto a diferenza de catalogación, non é só este edificio, é que son case todos, Patrimonio esixía poñer estrutural, estrutural en algo que tiña unhas ventas de formigón, uns balcóns de formigón e cousas de ese tipo e senón non se aprobaba e claro hai estas contradicións, é todo o que hai. Senón recordo mal a modificación de catalogacións a proposta era pasala a B, patrimonio dixo que A, pois A, vale, senón me acordo mal, porque ao final senón lle van a aprobar pois ten que pasar aínda que sepa que hai erros, hai máis, hai bastantes máis de ese tipo pero a situación globalmente mellorou.

Hoxe o que ben a aquí é alguén que por un preito quere garantizarse no xulgado, o xulgado pode darlla, nós non podíamos darlla se patrimonio non nos dá autorización, non podíamos, eu alégrome moito que supoño que o presidente da Comisión de Urbanismo de turno ten ese poder para facer as cousas en contra do informe de Patrimonio ou da Xunta ou do que sexa pero vai resultar que non. As cousas son como son e a historia esta foi así, se quere coñecela e senón, obviamente coñécea e esta retorcéndoa ata extenuación por ser un asunto de mero trámite, que hai moitos como estes, que normalmente a modificación esa veu a pleno e creo que se votou por unanimidade sen debate senón me acordo mal, tan sequera sen debate, por que?, porque era unha cuestión de trámite, era reaxustar certos erros que se detectaron ata onde autorizaba patrimonio. Entón non sei realmente cal era o problema, non sei que fantasmas ve, a única situación é que fíxose un PEPRICA, todos os instrumentos de ordenación poden ter fallos, máxime cando Patrimonio que cambiou de técnico vinte veces e cada un tiña o seu criterio, estaba aprobado con un, despois cambiou para outro, impón, porque na práctica impono, e vostede mesmo se ten queixado mil veces de que isto é unha ditadura de patrimonio, que esixe, que cambia, non sei, se ten queixado mil veces.

Iso é o que hai, non hai nada máis, agora se veñen co sangue no ollo, comentábame aquí Raimundo “carallo, como veñen estes hoxe, xa veñen fogueados de entrada cun tema de rutina”, home, xa nos damos por enterados de que veñen co sangue no ollo, non dá para máis o asunto, exactamente non dá para nada máis.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Mosquera.

Sr. Aguilar, ten a palabra.

O Sr. Aguilar Argenti: Muy brevemente. Le doy la razón al Sr. Mosquera en que el pleno viene muy cargado y esto va a ser muy breve.

Por un lado, quería hacer un comentario sobre el Sr. Louro, el Sr. Louro lo está haciendo con la mayor rapidez posible, no cabe duda de que la sentencia es del 2013 y estamos todavía dentro del año y han pasado muy pocos meses de la sentencia y ya está corrigiendo una ficha que no se corrigió en su momento. El problema viene que ya hubo un contencioso-administrativo en el 2007 sobre este asunto y la ficha no se corrigió en el 2007 y esa responsabilidad no la tiene el grupo socialista, esta responsabilidad la tiene el BNG y esa responsabilidad la tiene usted mismo y usted, que teníamos prisa, empezó a hablarnos del PEPRICA desde el año 1991.



Yo sólo quiero hacer un comentario, cuando se hace la alegación de este edificio se solicitaron dos plantas, no una, y votó en contra o Sr. Magdalena e o Sr. Zugástegui, los dos del Partido Popular, los otros no votaron en contra.

Muchas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Gracias, Sr. Aguilar.

Ten a palabra o Sr. Mosquera.

O Sr. Mosquera Lorenzo: Si, é que votar en contra por outra cousa, despois dunha reunión última que foi onde se definiu e aí quedou a unha planta, unha, e dúas, vostede tampouco coñece a historia desta Corporación, polo que se ve, vostede entrou no 2007, no 2007 que eu sepa a partir de agosto o responsable de urbanismo non era eu, é increíble.

O Sr. Alcalde-Presidente: Creo que é mellor que votemos porque senón vou a intervir eu e non vai ser agradable a intervención.

Rematado o debate realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 14 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e a abstención de 10 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do Partido Popular), e de conformidade co ditame da Comisión Permanente de Urbanismo e Medio Ambiente, acorda:

Primeiro.- Tomar razón, executar e levar a puro e debido efecto, nos seus propios termos, a parte resolutiva da Sentenza ditada o 2 de xullo do 2009 pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza no procedemento ordinario 0004090/2007-E, que estimou parcialmente o recurso contencioso administrativo promovido pola entidade mercantil “Promociones Inmobiliarias Ramírez, SL” contra o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en data 20/10/2006, polo que se prestaba aprobación definitiva á segunda modificación do Plan Especial de Protección Reforma Interior e Conservación Artística do Conxunto Histórico Artístico de Pontevedra, que se anula exclusivamente no que atinxe ao “Rueiro Z4-C52 Elemento 16” e, para o seu cumprimento, préstase aprobación á documentación técnica denominada “Modificación Puntual núm. 4 do PEPRICA no elemento Z4-C52-16” que abrangue a ficha 4-52-16 corrixida, que substitúe o “nivel de protección” do predio e edificio sito na rúa Michelena nº 24, pasando de “ambiental A para as plantas existentes” a “ambiental B”, consonte ás determinacións do propio PEPRICA, así como aos planos denominados “Hoja O-7: niveles de protección” e “Hoja 52-P:Alzados Z4-C52 propuesta”, documentación técnica redactada polo arquitecto Xefe da Oficina Técnica de Planeamento e Xestión Urbanística, de data xullo de 2013 que anula e substitúe á correlativa do proxecto de modificación aprobado polo Pleno o 20/10/2006 que fora publicado no “Diario Oficial” de Galicia núm. 244 de 21/12/2006 e no “Boletín Oficial” da provincia de Pontevedra núm. 100 de data 24/05/2007.

Segundo.- Dispoñer que se publicite o presente acordo mediante anuncio que se inserirá no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia no que tamén se

publicará a nova ficha corrixida, no Taboleiro de Editos do Concello de Pontevedra e na páxina web <http://www.pontevedra.eu>.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas e á Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria, ás que se lles remitirá unha copia autenticada de dous exemplares do instrumento corrixido que se aproba polo presente acto, con tódolos planos e documentos que o integran, debidamente dilixenciados pola Secretaría Xeral do Concello, así coma aos demais interesados no procedemento, con ofrecemento dos recursos procedentes.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Sección segunda da Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

4.- ORDENACIÓN DO TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA E APROBACIÓN DE ADDENDA Nº 1 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E OS DE MARÍN, SANXENXO, POIO E VILABOA, E A “SOCIEDAD ESTATAL AGUAS DE LAS CUENCAS DE ESPAÑA, S.A.” PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DA ACTUACIÓN “NOVO ABASTECIMIENTO DE AUGA A PONTEVEDRA E Á SÚA RÍA”.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (24), ratifícase a súa inclusión na orde do día e considérase aprobada a urxencia.

Aberto o debate o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

O **Sr. Mosquera Lorenzo**: Moi brevemente, este é un asunto que está en principio pechado, hai moito tempo que xa viñera polo pleno, estaba acordado e que agora despois de un reaxuste de anualidades, que xa é coñecido, e un reaxuste de cantidades, que tamén é coñecido e os últimos flecos están resoltos hai tempo e incluso estivo pendente de Marín e esixiu Acuaes que pasara polo pleno, que había dúbidas se tiña que pasar ou non tal e como estaba o acordo primitivo, e como esixe que pase polo Pleno pois pasa para aprobar xa foi a comisión hai meses, non sei porque ven por urxencia, porque igual a proposta última non era a que fora pola Comisión. É igual, en todo caso é unha cuestión de trámite, xa son coñecidas as causas e agardemos que sexa a última vez que ven polo pleno, xa está en obras e agardemos que veña porque é unha obra absolutamente necesaria, importante y transcendente cara ao futuro. Garantir o abastecemento de auga é un dos servizos básicos fundamentais que hai que ter e esta obra vaino garantir para moitísimos anos.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: Moitas gracias. Algunha outra intervención?

Ten a palabra, en representación do grupo municipal do Partido Popular, don César Alberto Abal González.

O **Sr. Abal González**: Hola, buenos días, Sr. Alcalde.

Sr. Mosquera, dice usted que no sabe por qué viene por urgencia, lo sabe perfectamente. Esta semana pasada hubo Comisión de Economía e Facenda donde viene



este mesmo punto, usted lo metió por Comisión de Economía e Facenda, por eso lo estoy tratando yo, hasta ese día no había ni el informe. Usted sabe perfectamente que la ley, para poder venir a pleno, exige el dictamen previo en Comisión, lo sabe perfectamente. La ley también permite, asimismo, la urgencia para salvar estos dictámenes, usted lo conoce perfectamente, usted no quiso convocar la Comisión de Economía e Infraestructuras y se escudó detrás del Sr. Raimundo, Sr. Mosquera, para no convocar la Comisión de Infraestructuras, la cual lleva casi mes y medio o dos meses sin poder convocarla, si la hubiera tenido que convocar nosotros hubiéramos podido exigir explicaciones y debatir todos los asuntos de interés que tiene esta Corporación y por ende la ciudad de Pontevedra, como el Plan General de Ordenación Urbana, los retrasos en el desdoblamiento de la Avenida de Vigo, la provisionalidad que quiere justificar con la zona verde del campo de Pasarón, las explicaciones sobre daños y reparaciones de la Avenida de Marín, un largo etcétera, y sobre todo el tema del puente de La Barca, podíamos haber tratado el tema del puente de La Barca en la Comisión de Ordenación e Infraestructuras, Sr. Mosquera, pero usted se escondió y lo intenta traer por la puerta de atrás poniendo cara de despistado, de que no sabe el por qué viene a urgencia y lo sabe perfectamente.

Dejarlo explicado y nada más

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Abal.

Algũa intervención máis?. Sr. Mosquera Lorenzo, ten a palabra.

O Sr. Mosquera Lorenzo: É que parece que o PP debeuse reunir antes e está, digamos, coa bola esta de cristal nun gurú e está intentando descubrir, digamos, o tempo que este Concello traballa, en que maldades, ocorrencias e demais se pasa o tempo, máis ben perden o tempo; non perdan o tempo, pasou pola Comisión de Infraestructura no seu momento, foi a información. Non sei se queren votar en contra ou non, non me acabo de aclarar exactamente, non sei, se cadra é que están en contra da obra.

Incidencias.- Auséntase da sesión dona María do Carme Fouces Díaz.

O Sr. Abal González: Si lo hubiera llevado a dictamen lo hubiera sabido Sr. Mosquera pero como no lo llevó a dictamen va a esperar a ahora.

O Sr. Alcalde-Presidente: Se trata ou non se trata o tema. Digo se o sometemos a votación porque senón deixámolo para outro día, eu non teño inconveniente ningún. De verdade que o digo que non teño inconveniente ningún en deixar este tema para outro día, se a preocupación é a urxencia, un tema que todo o mundo sabe de que vai. Sábeo todo o mundo, creo que todos os cidadáns de Pontevedra saben de que vai isto, se teñen algún problema por votar, deixámolo para outro día, non hai problema ningún, é que non me entra na cabeza.

Rematado o debate realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, co voto a favor dos 23 concelleiros presentes, acorda aprobar a addenda nº 1 ao convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e os de Marín, Sanxenxo, Poio e Vila-boa, e a “Sociedad Estatal Aguas de las Cuencas de España, S.A.” para a construción e explotación da actuación “Novo abastecemento de auga a Pontevedra e á súa ría”.

5.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA E ADHESIÓN Á REDE INTERNACIONAL “A CI-DADE DOS NENOS”.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (23), ratifícase a súa inclusión na orde do día e considérase aprobada a urxencia.

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego a dona María Carme da Silva Méndez.

A Sra. Da Silva Méndez: Grazas, Sr. Alcalde. Bos días a todos e a todas.

O que traemos con esta proposta de adhesión á rede internacional á cidade dos nenos e as nenas realmente consiste nun compromiso ético e nun compromiso ético con un modelo de cidades cunha rede que está traballando para poñer aos nenos e ás nenas no centro das decisións que se toman nas cidades e que van a determinar, de forma moi importante, a súa calidade de vida actual e o seu futuro como adultos, esta rede naceu ao principio dos anos 90, 1991, na cidade de Fano en Italia, e na actualidade hai unhas 150 cidades de todo o mundo adheridas á rede. No estado español en concreto á rede están adheridas cidades como Madrid, Barcelona, Valencia, Granada, Salamanca e un longo etcétera delas que pasan de veintena.

O compromiso ético que se adquire coa adhesión a esta rede é traballar para avanzar na construción de unha cidade diversa, de unha cidade plural, de unha cidade que protexa especialmente aos nenos e as nenas e que traballe para que sexan autónomos e participativos e formen parte activa da sociedade.

En diversos foros internacionais nos que se fala da infancia, da cidade, do papel que teñen que cumprir os nenos e as nenas nas cidades e dos compromisos e de como avanzar as cidades cara a iso, Pontevedra sempre se está poñendo como exemplo, e cóstanos pola celebracións das xornadas infancia e cidade, en colaboración co CENEAM que é un organismo de educación ambiental dependente do Ministerio de Medio Ambiente, que en numerosos congresos e foros a cidade de Pontevedra por el modelo urbano que está desenvolvendo está sendo poñendo como exemplo de cidade de alta calidade, con alta seguranza viaria, con unha mobilidade peonil prioritaria, e isto todo permite que os nenos e as nenas podan participar en proxecto como o que temos en marcha dos camiños escolares e que tamén permite que teñan un desenvolvemento máis autónomo é que é fundamental para a súa madurez.

Nos parecía e así nolo solicitaron formalmente neste foro de infancias e cidade o promotor da rede Francesco Tonucci, que nos adherísemos á rede e nos parece coherente, porque se as cidades incluídas na rede nas que se están celebrando foros poñen a Pontevedra como exemplo do que ten que ser o avance nun modelo urbano para favorecer a vida autónoma dos nenos e as nenas, non é lóxico que a cidade que está servindo de exemplo non estea integrada na rede.

Polo tanto, o que traemos hoxe aquí non deixa de ser nin máis nin menos que o recoñecemento e orgullo de que a evolución da cidade de Pontevedra e o modelo urbano que está desenvolvendo serva como exemplo para que outras cidades, coas diferenzas lóxicamente que teñen tamén avancen neste modelo e ademais un compromiso co futuro, un compromiso de seguir avanzando nesta liña de seguranza viaria, calidade urbana, modelo peonil, que permita, como dicía, un desenvolvemento



integral dos nenos e das nenas e que permita unha sociedade máis coherente, máis cohesionada e moito máis xunta, realmente o que traemos é un compromiso ético co futuro de Pontevedra.

Incidencias.- Reincorpórase á sesión dona María do Carme Fouces Díaz.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas. Algunha intervención?.

Ten a palabra don Ricardo Aguilar Argenti, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

O Sr. Aguilar Argenti: Muchas gracias, Sr. Alcalde.

El pasado pleno se trajo, también por la vía de urgencia, la adhesión a la red de Ciudades que Caminan, en la cual como recordarán y se apuntó, por nuestra parte, era una red que carecía de sede, no tenía teléfono fijo, ni que tampoco estaba de alta en el registro nacional de sociedades, pero tenía para el Sr. Alcalde un interés porque realmente genera la oportuna visita electoralista a la Rinconada, Sevilla, en donde yo ya les apunté que tenía la virtud, que podía hacerse las fotos de salida, alguna en el viaje y alguna otra en el lugar donde se reunían por primera vez, porque esta red era inexistente, se estaba creando y realmente tiene, además, o tenía la posibilidad de que le pudiesen otorgar a nuestra ciudad pero sobre todo para la gloria del Sr. Alcalde algún premio, que parece que ya está pactado, que sumaría uno más de los que nuestra ciudad tiene y que cuando pasan de un número determinado, saben o deben ustedes saber, empiezan a perder valor porque se demuestra que la mayoría carecen de categoría, pese a lo cual nuestro grupo le dio el voto favorable con el fin de que sus principios, los principios de la red de Ciudades que Caminan pudieran valer de acicate y de orientación para el nuevo plan general, que por mandato plenario, ha puesto en marcha el Sr. Mosquera, pues como máximo responsable de estos asuntos le corresponde, para traer a este pleno en el mes de mayo del año que viene, estamos seguros que están trabajando en ello y estamos convencidos que las directrices que marcan la red de las Ciudades que Caminan aunque sea una, digamos, sociedad fantasma, seguro que le puede dar alguna idea, no se olvide que entre los estatutos de la Ciudades que Caminan, hablan de que si, que hay que tener zonas peatonales, pero que hay que tener carriles bici y que además debe completarse con autobuses en la ciudad que uno quiere, digamos, poner dentro de este entorno.

Ahora otra vez por vía de urgencia, no sabemos por qué es tan urgente, se pretende aprobar la adhesión a otra nueva red, en este caso la red se denomina red de la ciudad de los niños, que según su página web está coordinada a nivel nacional por la asociación acción educativa, cuya sede se encuentra en Madrid, ésta ya tiene sede, está en Madrid y además en la calle Luis Pérez de Guevara nº 8, el problema es que en el callejero de Madrid esta calle no existe, pero bueno puede haber un error en el nombre pero en el callejero esta calle que ellos ponen en la página web, ellos, Luis Pérez de Guevara, la calle no existe. Esta red surge por la acción realizada desde la década de los años 90, por el pedagogo italiano don Francesco Tonucci, como decía antes muy bien que surge en el año 1991, el cual ha sido invitado por el Sr. Alcalde el pasado 19 de octubre para dar una conferencia en este Teatro Principal y tratar sobre estos asuntos, como paso previo a la adhesión que ahora se pretende. O sea usted ya se publicitó invitando al Sr. Tonucci a venir aquí para ahora justificar esta adhesión.

Esta red también otorga premios y además tienen hasta carácter internacional, la cosa se va poniendo bien porque también no cabe duda que adheriéndose a esta red, con urgencia porque si no los premios igual no caen para el año 2015, como se espera, pueden sumar uno más al grupo del BNG, -ustedes como siempre se van a quedar relegados-, y sobre todo, -me cachis en la mar-, pero sobre todo a favor del Sr. Alcalde, pero ocurre que en los estatutos, que se habrán leído, porque si ustedes proponen una adhesión a una red como es esta, propone hacer laboratorios de la ciudad de los niños, estos laboratorios se estaban haciendo en Roma, pero últimamente, gracias a la asociación Acción Educativa, que está en Madrid en una calle desconocida, se van a desarrollar en distintas provincias, yo creo que eso también está organizado por el Sr. don Francesco Tanucci para poderlo sacar para el año que viene y para el siguiente el premio. Tiene también una virtud, que en los estatutos también se habrán leído, que para esta asociación, para esta red, se entiende que el niño no deja de serlo hasta los dieciocho años y se busca, que estos niños hasta los dieciocho años, propongan y den opiniones para cómo desarrollar una ciudad, nuestra ciudad está en marcha el cambio del plan general, es un acuerdo plenario, estamos seguros que está funcionando el Sr. Mosquera a tope para ello y entonces creemos que es oportuno recibir las opiniones de estos chicos, estos niños hasta dieciocho años, porque esperamos que corrijan algo que el BNG, fundamentalmente, ha resuelto que es gastarse 60 mil euros en una cubrición para poner y recibir al botellón que está ubicado al lado del Pazo de Cultura y esperamos que estos niños, de hasta dieciocho años, den sus opiniones en ese laboratorio que estoy seguro que va a venir por aquí, el laboratorio no va a surgir aquí porque se van a apurar tanto en adherirse a la red, esperamos que esos niños apunten que en el futuro plan general el botellón, si es que tiene que existir, que no exista nunca y se permita el acceso a personas menores de dieciocho años tal y como ahí ocurre.

Por todo ello, nuestro partido va a dar el voto afirmativo, y por una razón, porque estamos convencidos que el Pontevedra que camina y el Pontevedra de los niños, van a hacer las correcciones oportunas y se van a recibir en el futuro plan general, ustedes, estoy convencido que van a atender a sus razones y a sus estatutos para hacer una ciudad mejor y no la ciudad que tenemos en estos momentos.

Muchas gracias, Sr. Alcalde.

Incidencias.- Auséntase da sesión dona María dos Anxos Riveiro Portela.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. Aguilar.

Eu xa sei que lle pon mal que se premie á cidade, é unha cousa increíble. Creo que vamos a chegar á conclusión de que Pontevedra non existe; ao final, non sei, para vostede dende logo non existe.

Soamente lle vou dicir que Tonucci veu aquí tres veces, para a súa información, a primeira non sei, hai dez anos, non sei que o invitou, pero a segunda que foi hai seis meses invitouno a Consellería de Educación e veu a visitar o Concello de Pontevedra acompañado do Sr. Pérez Ares; é máis, en fin, chegamos a algún acordillo para traducir ao galego algún libro e tal do Sr. Tonucci, é dicir é unha persoa recoñecida a nivel mundial e que visita a cidade porque lle interesa visitar esta cidade e veu a acompañar a un grupo do CENEAM, do Ministerio de Medio Ambiente, que están traballando a nivel de todo o Estado, sobre os camiños escolares e sobre precisamente a cidade dos nenos.

Non o tome como algo única e exclusivamente noso, nós o que facemos e intentar



poñer a Pontevedra no mapa e que persoeiros a nivel mundial que traballan nunha liña que nos pareza a correcta, pois coñezan tamén ás nosas experiencias que, por certo, dixeron que lles parecían espléndidas. Simplemente é unha aclaración con todo o cariño.

Dito isto non sei se hai máis intervencións. Ten a palabra a Sra. Da Silva.

A Sra. Da Silva Méndez: Era para despois de unha explicación un tanto retorcida, agradecerlle o voto afirmativo do Partido Popular e tamén comunicarlle que en canto a premios somos insaciabes, exactamente igual que o Real Madrid que non lle parece que unha nova copa de Europa, está xogando a Champions, teña menos méritos porque xa leve 9.

Coa Alcaldesa de Madrid agora que ten menos ocupacións, xa nos vamos dirixir a ela para que corrixa os erros que teña no rueiro, porque claro se están pasando estas cousas de rúas descoñecidas, supoñemos que a Alcaldesa de Madrid esta vez si estará preocupada porque ten un problema en Madrid.

Rematado o debate realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, co voto a favor dos 23 membros presentes, acorda:

Primeiro: Autorizar a adhesión do Concello de Pontevedra á iniciativa denominada Rede Internacional "A cidade das nenas e dos nenos".

Segundo: O presente acordo non supón compromiso de aportación ou obriga de carácter económico para o Concello, sen prexuízo de que de chegar a instarse, podería ser aprobado mediante pronunciamento expreso previo, no que se concretarían as cuantías e condicións.

Do mesmo modo, implica o apoio e colaboración institucional nas iniciativas desenvolvidas na procura dos principios contidos no proxecto referido, mais outro tipo de actuacións de carácter substantivo, que tamén poderían ser concluídas, requirirían da súa previa aprobación por este Concello, unha vez examinadas en concreto.

Terceiro: Designar ao Sr. Alcalde, don Miguel Anxo Fernández Lores, como representante do Concello de Pontevedra ante a Rede "A cidade das nenas e dos nenos". O Alcalde poderá delegar esta facultade nos termos previstos na lexislación de réxime local.

6.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A DESISTIR DA PRETENSIÓN DA SUBA DO CANON POLO TRATAMENTO DO LI-XO NA PLANTA DA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE (SOGAMA).

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (23), ratifícase a súa inclusión na orde do día e considérase aprobada a urxencia.

O texto íntegro da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, é o seguinte:

"No proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, presentado pola Xunta de Galicia e, en concreto na Disposición Adi-

cional 21, punto dous, preténdese a revisión do canon unitario de tratamento por tonelada de lixo, a percibir pola Sociedade Galega de Medio Ambiente, pasando este a alcanzar un importe de 74,64 euros/Tonelada métrica tratada, mais IVE. Na actualidade o importe que abonan os 296 concellos galegos, que utilizan os servizos de SOGAMA, é de 55,91 euros/Tonelada métrica tratada, mais IVE, co cal, de aprobarse definitivamente a pretensión da Xunta de Galicia, o canon se incrementaría nun 33,5%.

Xustifica a Xunta este desmedido incremento na caída das primas estatais que percibe SOGAMA pola valorización enerxética dos residuos (incineración de lixo), caída que ten a súa orixe nunha decisión do Goberno que preside Mariano Rajoy. Sen embargo, analizando as contas que se recollen no proxecto orzamentario autonómico para o próximo ano, SOGAMA, co novo canon, pasaría de ter perdas no exercicio de 2013 a ter uns beneficios no 2014 de 6.624.160€, despois de impostos.

Non resulta comprensible, nin aceptable que unha sociedade do sector público autonómico galego como SOGAMA, adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, na que a Xunta de Galicia ten o 51% do capital social, presente, nos tempos de crise que estamos a sufrir, a prestación dun servizo público, con afán recadatorio. Está claro que o fin da suba non é o de conseguir a simple cobertura de custos do servizo, senón tamén xerar uns inxustificadros beneficios, que saírían directamente dos petos dos cidadáns.

É de todos coñecido que a práctica totalidade dos concellos están a padecer unha importante diminución dos seus ingresos, atopándose nunha situación moi delicada que lles ten obrigado a deixar de prestar ós seus veciños algúns servizos moi necesarios.

A Xunta de Galicia, en vez de demandar compensacións ó Goberno central polos recortes que sufrirá SOGAMA nas primas pola coxeneración eléctrica, opta pola solución socialmente mais inxusta: incrementar o canon, obrigando ós Concellos a subir o canon que deberán abonar os seus veciños polo tratamento do lixo.

No medio desta situación, a Deputación Provincial de Pontevedra pretende sacar tallada política obrigando aos concellos a que se sumen ao consorcio provincial do lixo. Só así pode entenderse o anuncio do seu presidente, Rafael Louzán, de que a Deputación asumirá o “taxazo” de SOGAMA só para os municipios que se adhiran ao consorcio. Unha nova demostración da política clientelar de Louzán coa que se pretende amortecer as lexítimas queixas dos concellos, mesmo dalgúns gobernados polo Partido Popular. Unha estraña “oferta” do señor Louzán da que se descoñece a súa duración no tempo e que, en todo caso, de facerse, debería estar aberta a todos os concellos da provincia, con independencia da fórmula de xestión da recollida de lixo.

Os Socialistas apostamos por afrontar esta situación dende o diálogo e o respecto institucional entre os poderes locais, representados na FEGAMP, e o poder autonómico, e demandamos da Sociedade Galega de Medio Ambiente ter cumprido coñecemento da realidade da súa xestión.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1º. Demandar ao presidente da Xunta de Galicia a urxente retirada da proposta de incremento do canon por tratamento de residuos, recollida na Disposición Adicional 21, dous, do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.



2º. Demandar ao presidente da Xunta de Galicia e ao Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias a creación e posta en marcha dunha mesa de negociación, na que, coa presenza e colaboración de SOGAMA, se estuden os custos reais do tratamento de residuos dos concellos.

3º. Dirixirse a todos os grupos políticos, con representación no Parlamento de Galicia, a fin de que requiran da Xunta de Galicia a realización dunha auditoría externa (económico financeira, recursos humanos, produción e medioambiental) da Sociedade Galega de Medio Ambiente, dándose traslado dos seus resultados á totalidade dos concellos que utilicen seus servizos.

4º. Demandar do presidente da Xunta de Galicia que, para o caso de que non se retire a iniciativa da nova tarifa do canon de tratamento de residuos dos orzamentos autonómicos do 2014, o incremento que sufra o mesmo respecto ó do ano 2013 sexa asumido integramente polo Goberno autonómico, sen repercusión algunha nas transferencias ós concellos.

5º. Demandar do presidente da Deputación Provincial, para o caso de que as anteriores propostas non prosperen, que esta institución, en aplicación dos principios de igualdade e non discriminación, cubra a suba de tarifas de Sogama en todos os concellos da provincia.”

Aberto o debate o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE, a don Antonio Louro Goyanes.

O Sr. Louro Goyanes: Moitas gracias, Sr. Alcalde.

Os orzamentos da Xunta de Galicia están en tramitación e, para este ano, prevén unha importante subida do canon que a Sociedade Galega de Medio Ambiente vai cobrar aos concellos polo servizo de tratamento do lixo. O prezo do tratamento pasará de un importe de 55,91 euros por tonelada tratada máis IVE a 74,64 euros por tonelada tratada máis IVE; non é unha broma, isto supón un incremento do 33,5 %, unha auténtica barbaridade en tempos de crise que ben sumarse ás espectaculares subas de outros recibos básicos os cales no pasado pleno, un representante do grupo socialista fixo un relatorio bastante extenso e bastante rigoroso e serio. O certo é que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas tense convertido nun auténtico azote para as economías domésticas, pois esta suba brutal que auspacia nos recibos do lixo, súmanse tamén a que protagonizou no recibo da auga, hai xustamente ou algo máis de un ano, en moitos concellos, tal é o caso de Pontevedra os recibos da auga e o lixo cóbranse simultaneamente polo que o efecto vai ser percibido moi directamente percibido polos veciños. Os veciños de Pontevedra cando vexan o recibo da auga e cando vexan o recibo do lixo vanse acordar da Xunta de Galicia e particularmente da empresa pública SOGAMA, pretende así a Xunta de Galicia sentar as bases para cubrir un burato de 17 millóns de euros que acumula SOGAMA, froito da súa pésima xestión. Unha vez máis a mala xestión de un servizo acaba repercutindo directamente no bolsillo dos cidadáns.

Non resulta comprensible nin aceptable que unha sociedade do sector público autonómico como SOGAMA, adscrita á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas, na que a Xunta de Galicia ten o 51% do capital social presente nos tempos de crise que estamos a sufrir, a prestación dun servizo público con afán recadatorio. Despois de esta suba brutal do 33,5% SOGAMA entraría inmediatamente a dar

beneficios e se subimos máis os recibos podería dar máis beneficios, o que pasa e que se subimos os recibos repercute no bolsillo do vecindario.

Mentres tanto os concellos están a sufrir unha diminución dos seus ingresos que os sitúan nunha posición moi delicada, apretalos aínda máis e poñer aos municipios galegos ao borde da axfisia. A Xunta de Galicia en vez de mandar compensacións ao goberno central polos recortes que sufrirá SOGAMA nas primas pola coxeneración eléctrica, opta pola solución socialmente máis inxusta que é incrementar o canon, obrigando aos concellos a subir a taxa que cobran aos veciños pola recollida e tratamento do lixo.

E isto é o que quere facer a Xunta de Galicia, menos mal que a Deputación Provincial en Pontevedra quere facer xustamente o contrario do que está facendo a Xunta de Galicia en Santiago e para toda Galicia. O Sr. Louzán di que a Deputación está en condicións de asumir ese incremento, ese taxazo de SOGAMA, só para os municipios que se adhiran ao consorcio provincial, xa ven cal é o pensamento político do Partido Popular no ámbito da Xunta de Galicia, xa ven cal é o pensamento que pode ter o Partido Popular no ámbito da Deputación de Pontevedra, e no ámbito da provincia de Pontevedra.

Por elo os socialistas pedimos apoio para unha moción que teñen todos vostedes e que recolle cinco puntos, cinco acordos, cinco propostas de resolución que paso a relatar, que paso a ler: O primeiro é demandar do Presidente a urxente retirada da proposta de incremento do canon por tratamento de residuos, recollida na Disposición Adicional 21, dous, do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014. Segundo, demandar ao presidente da Xunta de Galicia e ao Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias a creación e posta en marcha dunha mesa de negociación, na que, coa presenza e colaboración de SOGAMA, se estuden os custos reais do tratamento de residuos dos concellos. Terceiro, dirixirse a todos os grupos políticos, con representación no Parlamento de Galicia, a fin de que requiran da Xunta de Galicia a realización dunha auditoría externa (económico financeira, recursos humanos, produción e medioambiental) da Sociedade Galega de Medio Ambiente, dándose traslado dos seus resultados á totalidade dos concellos que utilicen seus servizos, trátase de claridade e transparencia. Cuarto, demandar do presidente da Xunta de Galicia que, para o caso de que non se retire a iniciativa da nova tarifa do canon de tratamento de residuos dos orzamentos autonómicos do 2014, o incremento que sufra o mesmo respecto ó do ano 2013 sexa asumido integramente polo Goberno autonómico, sen repercusión algunha nas transferencias aos concellos; e, por último, quinto, demandar do presidente da Deputación, para o caso de que esta institución decida subir as subas das taxas de SOGAMA, igualdade de trato aos concellos de toda a provincia, con independencia de que se sumen ou non ao consorcio provincial de lixo.

Trátase, señores concelleiros e concelleiras de unha moción que pretende redistribuír os costes, que non pague un máis e outro menos, senón que se redistribúa o coste deste servizo. Estou seguro de que todos o vamos a entender e de que todos vamos a apoiar positivamente esta moción que non pretende outra cousa máis que a Xunta de Galicia se faga cargo de un servizo e non utilice este servizo con afán recadatorio.

Nada máis e moitas gracias, Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Alcalde.

Sr. Aguilar está hoxe moi activo, así me gusta.

Seguidamente, fai uso da palabra don Ricardo Aguilar Argenti, en representación do



grupo municipal do Partido Popular.

O Sr. Aguilar Argenti: Muchas gracias por su comentario, Sr. Alcalde.

Sr. Louro, usted lo ha dicho muy bien, SOGAMA es una empresa pública dependiente en el 51 % de la Xunta de Galicia y dependiente a su vez de la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, su función es el tratamiento y eliminación de basuras en la comunidad autónoma y a la que están adheridos, porque quieren, 294 ayuntamientos de nuestra comunidad.

Incidencias.- Auséntase da sesión don Vicente García Legísima.

Recientemente, usted también lo ha dicho muy bien, esta empresa ha solicitado la revisión al alza del canon unitario por el tratamiento de la tonelada de basura y ese canon lo sube o pretende subirlo un 33,5% para el año 2014, tiene usted en todo lo que acaba de decir toda la razón, a nosotros nos parece inicialmente un canon elevado, los tiempos son los que son, y creemos que sobre esto hay que tratar y hay que tratarlo a fondo pero yo creo que el PSOE se ha equivocado de foro, aquí no es el sitio, lo hemos dicho muy claro, SOGAMA depende de la Xunta y, a su vez, de la Consellería de Medio Ambiente, este no es el foro, el foro para tratar y además usted está solicitando que el presidente de la Xunta se defina es en el Parlamento gallego, allí es donde tienen que estar ustedes, los del PSOE, los del Bloque, los del Partido Popular, discutiendo o viendo las cuentas de SOGAMA, pero no aquí, aquí podemos hablar de ello pero aquí no resolvemos nada, aquí lo único que ustedes están buscando es que como sus votos son más que los que nosotros tenemos, vamos a imponer lo que nosotros queramos decir pero donde se resuelve es allí y usted está mencionando que el Presidente de la Diputación ha propuesto una solución, solución que estaría muy bien si fuera a nivel local, solución que sería muy correcta que la tratáramos si fuera una solución del Sr. Alcalde, porque no es obligatorio estar en SOGAMA, cada Ayuntamiento pueda resolver sus problemas de basuras como crea oportuno y ustedes están trayendo a otro foro, equivocado, digamos, tratar un asunto que es de la Diputación, llévelo, ustedes tienen diputados en la Diputación, llévelo allí, el Sr. Mosquera es Diputado provincial, que lo lleve allí, ¿para qué lo traen ustedes aquí?. Aquí debemos de tratar los asuntos locales y los asuntos locales sobre este tema son otros y sobre los asuntos locales es lo que entiendo yo y entendemos nosotros que es lo que hay que tratar en este pleno.

Primero, preguntarle al Sr. Alcalde que siempre ha criticado que estar en SOGAMA no era el mejor de los encuentros y llevar catorce años hablando de ello, por qué no ha buscado otra solución, es un asunto local; segundo, por qué don Raimundo González Carballo ha presumido y presume de que a SOGAMA no le ha pagado este Ayuntamiento dos millones de euros porque se hizo la gestión por parte de SOGAMA de una forma tardía. Aquí también hay que tratar por qué hay una sentencia judicial que nos obliga a pagar cuatro millones de euros que no se habían pagado a SOGAMA, es un problema local, de esos problemas es de los que tenemos que hablar aquí fundamentalmente y aquí es donde don Raimundo González Carballo nos tiene que explicar que ha hecho con los seis millones de euros, 2+4, que han pagado los pontevedreses en sus recibos, porque el recibo no bajó, que han hecho con ese dinero que teóricamente era para pagar a SOGAMA, ¿en qué se ha utilizado?, eso sí es un tema local, de ese hay que hablar, no de temas que tienen que resolver ustedes y nosotros en otros foros, el foro de aquí es el local. Ustedes siempre están queriendo

llevarlo a otro lado, yo he llegado a oír aquí a don Raimundo González hablar hasta de Obama; estamos en Pontevedra, Pontevedra tiene un lugar en el mundo, el Sr. Alcalde lo acaba de decir y queremos que tenga un lugar en el mundo, pues pongámonos en el mundo, nosotros mismos y dentro de este pleno.

Por lo tanto, no entendemos como Pontevedra que es una de las capitales de la comunidad autónoma que más ha pagado por los recibos del agua y de la basura, resulta que ahora tiene preocupación de cómo se va a pagar este alza, lo tenemos claro, hay dos millones de euros que no se pagó a SOGAMA, digamos, por defectos de forma quizá de la propia empresa. Esos 2 millones más los 4 ahora sumamos, si hay que pagarlos, suman 6, eso quién lo pagó, los 293 ayuntamientos que están asociados con nosotros para hacer el 294 han tenido que ocuparse y esas deudas se han generado en SOGAMA y esos polvos son los que traen estos lodos. Yo creo que es un buen sitio en este pleno, local, que don Raimundo que sonreía cuando decía que nos hemos ahorrado dos millones de pagar a SOGAMA y por lo tanto de quitárselos a otros ayuntamientos, vaya usted a Poio a explicarle que Pontevedra ahorraba 2 millones pero que tiene que pagar las deudas que pueda tener SOGAMA, explíquele usted que ha quitado para Pontevedra a costa de otros ayuntamientos el dinero que necesitaba SOGAMA para poder resolver su funcionamiento.

Por lo tanto, insolidario lo es todo, usted presume de coger para sí mismo y por lo tanto para este Ayuntamiento a costa de los demás y ahora hay un problema que la suma de todo eso son 6 millones de euros. Por otro lado, también es un sitio, en nuestro punto estamos en un pleno local en donde hay que aclarar a los pontevedreses que no tendrán que pagar en absoluto nada digamos de la subida que propone SOGAMA que no sabemos si será el 33,5% o la que sea, por una razón muy simple, porque se han pagado 2 millones de euros que no se han pagado a su vez a SOGAMA, que no han pagado los pontevedreses y tenemos una deuda a nuestro favor de esa factura que ustedes tendrán que restar para que en los incrementos que venga, porque si no explíqueme que han hecho ustedes con esos 2 millones que se ahorraron, con comillas y supongo que es un buen sitio para decirnos a todos que no nos preocupemos aunque haya una subida porque el Ayuntamiento tiene unos fondos que guardó para resolver, supongo, estos asuntos.

Incidencias.- Reincorpórase á sesión dona María dos Anxos Riveiro Portela.

Por lo tanto, nuestro grupo político se va a abstener, entendemos la primera parte, pero no entendemos ni la segunda, ni la segunda me refiero al foro donde tratarlo y que no se trate en este foro local de lo que nos importa, qué se ha hecho con el dinero que no se ha pagado a SOGAMA y que los pontevedreses si han pagado en los recibos.

Muchas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Aguilar.

Sr. Louro, se quere intervir.

O Sr. Louro Goyanes: Grazas, Sr. Alcalde.

Di o Sr. Portavoz do Partido Popular, o Sr. Aguilar, que este non é o foro. Sr. Aguilar, os cidadáns de Pontevedra van a sufrir un incremento, directa ou indirectamente do 35 %, creo que era, do canon de SOGAMA. Hai unha enorme preocupación en toda Galicia, non é que a preocupación sexa de Pontevedra e esa preocupación esténdese



se por todos os concellos de Galicia, porque os concellos de Galicia empezan a ser vítimas de unha política dura e antimunicipalista do Partido Popular, con novas leis que pretenden restar competencias aos concellos, trasladalas ás deputacións e co incremento de determinadas taxas ou impostos, e este é o caso, a cuestión Sr. Aguilar é que os pontevedreses en función de unha medida que toma o Presidente da Xunta de Galicia, que toma o goberno de Galicia, presentando un proxecto de presupostos para a súa intervención no Parlamento, vai a repercutir e o dixo con claridade o Presidente de SOGAMA o Sr. Lamas, Luis Lamas, que declarou aos medios de comunicación sen ningún tipo de rubor, que con isto SOGAMA ganará o xusto para manterse e non costará aos galegos nin un duro dos presupostos, estao dicindo, os galegos vaino pagar por outra vía, cando se cadra vía impostos sería un vía máis redistributiva, por iso nós defendemos esa posición que sexa SOGAMA e que sexan os presupostos da Xunta de Galicia os que recollan e os que paguen isto.

O propio Agustín Hernández di que esta é unha decisión da Xunta de Galicia, que lle pasa a pelota aos Concellos e si os concellos logo lle pasan a pelota aos cidadáns e os bolsillos dos cidadáns directamente que o fagan tamén. En definitiva, unha presión sobre o bolsillo dos cidadáns. Esta é a fórmula que vostedes propoñen, hai outras fórmulas?, claro que as hai por iso nós presentamos esta moción que recolle cinco puntos, cinco propostas de resolución que lle preocupan aos cidadáns de Pontevedra, por iso nós a traemos aquí, Sr. Aguilar, traémola ao pleno da Corporación de Pontevedra, para que os cidadáns de Pontevedra saiban a postura que ten cada quen con isto e, en todo caso, nós tamén queremos aportar ideas a ese debate que pode haber en outros ámbitos.

A contradición é total e é rotunda, o Partido Popular na Deputación de Pontevedra defende unha posición, o Partido Popular no goberno de Galicia defende outra posición, nós sencillamente lle pedimos que se poñen en orde, que sexan coherentes e, en todo caso, que os cidadáns non paguen esta desmesura no canon de SOGAMA, senón que se dirixan á Administración central y as primas en materia enerxética que existían pois que sigan existindo ou que se trasladen por outras vías.

Isto é o que eu quería trasladarlles, en función do que lle escoitei, Sr. Aguilar, e eu espero que sexa útil, que os faga reflexionar e que voten esta moción que vai a favor dos cidadáns e cidadás de Pontevedra.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Louro.

Ten a palabra don Raimundo González Carballo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

O Sr. González Carballo: Moitas gracias, Sr. Alcalde. Bos días.

Só para facer uns apuntes. O Partido Popular de Vigo vota a favor de unha moción practicamente idéntica a esta e di que o asume a Xunta o incremento do coste de SOGAMA; o Partido Popular de Poio se manifesta radicalmente en contra; o Partido Popular de Pontevedra, non só a xustifica senón que ata lle parece poquito en declaracións do seu portavoz don Jacobo Moreira. A parte pagando un incremento que non é do 33,5%, é practicamente o dobre tendo en conta que un porcentaxe elevado dos residuos que se levan a SOGAMA non se tratan, senón que quedan alí nun vertedoiro, o maior vertedoiro de Europa e probablemente do mundo.

Vostedes aquí o que están facendo é de correveidiles da Xunta, única e exclusivamente, pero hoxe dan un paso máis alá e entón a súa intervención foi dedicada única e exclusivamente a defender os intereses dunha empresa, de SOGAMA, fronte

aos intereses dos pontevedreses, facendo así unha demagogia barata pero realmente o único que están favorecendo é a conta de resultados de Gas Natural, eu só lles pido que dunha vez, neste tema, defendas os intereses dos cidadáns de Pontevedra. Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. González Carballo Sr. Aguilar, ten a palabra.

O Sr. Aguilar Argenti: Muchas gracias, Sr. Alcalde.

Creo que ha quedado claro que este grupo municipal va a votar por la vía de abstención y va a votar por la vía de abstención porque entiende que la propuesta inicial del Partido Socialista es razonable, que se discuta, que se aclare, si realmente la subida de SOGAMA pues es la precisa, que puede ocurrir que lo sea o que no, lo que no nos parece es el foro, el lugar, para que queramos resolver este asunto y de ver quien lo va a pagar. Lo que está claro, Sr. González Carballo, es que usted está hablando que lo paguemos los gallegos; que lo paguen a nivel autonómico, a nivel provincial, a nivel como sea, pero que se pague. Nosotros hemos ido un punto más, que es el que usted ahora no ha mencionado, que la factura que han pagado los pontevedreses durante estos años no ha correspondido con lo que realmente se estaba pagando en SOGAMA, es decir, ha quedado un beneficio impropio a este Ayuntamiento que habrá usted de explicar en qué se ha gastado, habrá que presumir que lo tiene usted guardado para poder pagar a SOGAMA ahora las deudas y nuestra preocupación es los pontevedreses, nuestra preocupación es que Pontevedra no puede pagar nada más, los pontevedreses, por mucho que suba el recibo de SOGAMA, por dos razones, una, porque los cuatro millones que se adeudan por sentencia ya tiene que pagarse y los tendrá usted acumulados o guardados porque ha cobrado la factura para pagar ese gasto; y, después, dos, esos dos millones que usted presume una gran gestión suya, también estarán acumulados para absorber la subida posible que pueda ocurrir de SOGAMA.

En una palabra, lo que estamos pidiéndole a ustedes es que se comprometan ante este pleno y ante los pontevedreses que haya subida de SOGAMA o no, los pontevedreses no van a pagar ni un céntimo más de la factura de lo que están pagando, porque ya lo han pagado de antemano y durante varios años y eso creo que deja clara nuestra postura en este pleno.

Muchas gracias.

Rematado o debate realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 13 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e a abstención de 10 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do Partido Popular), acorda aprobar a moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE instando á Xunta de Galicia a desistir da pretensión da suba do canon polo tratamento do lixo na planta da Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA).

Incidencias.- Auséntase da sesión dona Carlota del Carmen Román García.

7.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E PSDEG-PSOE SOBRE A



OPOSICIÓN A CALQUERA POSÍBEL PRÓRROGA Á PRESENZA DE ENCE-ELNOSA NA RÍA DE PONTEVEDRA MÁIS ALÁ DO ANO 2018.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (22), ratifícase a súa inclusión na orde do día e considérase aprobada a urxencia.

O texto íntegro da moción conxunta presentada polos grupos municipais do BNG e PSdeG-PSOE, é o seguinte:

“A primeira concesión de ENCE é do ano 1959.

ENCE foi condenada pola Sección 4º da AP de Pontevedra - sentenza de 5 de novembro de 2009 - por delito ecolóxico continuado.

Desde finais dos anos sesenta, ELNOSA ocupaba unha importante superficie na marxe esquerda da ría de Pontevedra, entre os municipios de Pontevedra e Marín. Por Orde Ministerial do 15 de decembro de 1971, outorgábaselle a concesión de ocupación dunha parcela de 12,587 metros cadrados; esa é a parcela resultante da concesión.

Na pasada lexislatura, houbo unha transacción acordada por unanimidade no Parlamento de Galiza, coa fin de retomar as conversas coa empresa para:

1. Atopar unha nova situación respectuosa co medio ambiente, fóra da ría de Pontevedra antes do ano 2018.
2. Incentivar novos proxectos empresariais que permitan pechar o ciclo produtivo do papel en Galiza mais fóra da ría de Pontevedra.
3. Impedir calquera tipo de instalación de carácter complementario vinculado ao complexo ENCE, co obxecto de impedir a súa consolidación.
4. Modificar, no Plan de Ordenación do Litoral, a área na que está incluído o complexo ENCE-ELNOSA en Lourizán, integrando este complexo na área de protección costeira que lle corresponde.

As directrices de ordenación do territorio que se aproban definitivamente por decreto 19/2011 do 10 de febreiro (DOG 22 de febreiro) e o plan territorial integrado denominado plan de ordenación do litoral (POL) aprobado definitivamente polo decreto 20/2011 do 10 de febreiro (DOG 23 de febreiro) inciden na nosa opinión, non do xeito correcto, no proxecto sectorial aprobado pola Xunta (caducado e declarado ilegal por varias sentenzas) para o asentamento industrial en Lourizán (ENCE) e no propio complexo industrial contaminante (condenado por delito ecolóxico) de ENCE-ELNOSA.

Malia petición expresa do Concello de Pontevedra e das sentenzas que declaran que non é conforme a dereito o acordo aprobatorio do proxecto sectorial de ENCE, a CMATI segue a esixir do Concello de Pontevedra que recolla no seu novo PXOM as determinacións do proxecto sectorial aprobado no seu día pola Xunta, e aínda por riba - como patente demostración de nula intención do PP por resituar o complexo referido e devolver os terreos usurpados á ría - a nova modificación aprobada polo Parlamento do Estado da lei de costas (lei 2/2013), racha coa previsión do horizonte temporal do 2018, para permitir ou habilitar unha privatización encuberta de dominio

público de de todos e todas as galegas 75 anos máis, en beneficio dunha entidade privada e contaminante e que está a impedir o crecemento económico e social da comarca de Pontevedra.

De facto, vai posibilitar que a empresa estea 135 anos na ría, isto supera con creces a idade máxima dun ser humano, o que supón unha grande fraude ao carácter demanial “constitucionalmente imprescritíbel” do espazo que ocupa o complexo industrial.

A Consellaría de Medio Ambiente ten na súa man a potestade para renovar ou non a autorización ambiental integrada (AAI) preceptiva para o mantemento da actividade industrial das dúas factorías: A de ENCE estará vixente até decembro 2015; a de ELNOSA até o día 6 de xaneiro de 2014.

A CMATI vén de asinar recentemente un protocolo con ELNOSA que suporá prórroga da súa AAI até o 2017, poñendo de manifesto con este acordo o PP a súa intención de seguir traballando pola consolidación en Lourizán do complexo industrial en beneficio de dúas empresas privadas.

Polo exposto solicitamos do Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

1. O Pleno do Concello de Pontevedra manifesta a súa oposición a calquera posíbel prórroga á presenza de ENCE-ELNOSA na ría de Pontevedra máis alá do 2018, ano no que chega ao seu remate a concesión outorgada a ambas empresas en terreos de dominio público, e a necesidade irrenunciábel do abandono desta ubicación con anterioridade a esta data tope.
2. O Pleno do Concello de Pontevedra manifesta a súa oposición a calquera posíbel renovación das AAI's, preceptivas para o mantemento da actividade industrial do complexo industrial así como a recente prórroga a ELNOSA até 2017.
3. O Pleno do Concello de Pontevedra insta á Xunta de Galiza a declarar a expresa caducidade do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do asentamento industrial de ENCE en Lourizán conforme a sentenza que declaran que non é conforme a dereito.
4. O Pleno do Concello de Pontevedra insta á Xunta de Galiza, a que, no exercicio das súas competencias en ordenación do territorio en atención ao interese público e a utilidade social, proceda de xeito inmediato a redacción, tramitación e aprobación dunha modificación da Disposición Adicional terceira do POL, co obxectivo irrenunciábel de abordar conxuntamente as accións de rexeneración restauración e reordenación do ámbito de recualificación para os terreos actualmente ocupados polo complexo industrial, que a modificación da lei de costas tenta cercenar. (PROPOSTA DE MODIFICACIÓN NO ANEXO).
5. O Pleno do Concello de Pontevedra manifesta o seu apoio á mobilización social prevista para o día 23 de novembro convocada pola Plataforma 2018.
6. Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galiza ao Parlamento de Galiza e a Plataforma 2018.

ANEXO

Proposta de modificación da disposición adicional 3ª do POL

"En coordinación co establecido nas DOT, no espazo actualmente ocupado polas instalacións da empresa Ence situadas en Lourizán, na ría de Pontevedra, prevese un ámbito de recualificación sobre a Área de Mellora Ambiental e Paisaxística. O obxecto desta área é o da recuperación do espazo que deberá quedar, en todo caso,



vacante nun prazo máximo que remata no mes de xullo do ano 2018.

Dada a importancia que para ese ámbito e o seu contorno suporá a citada transformación, considérase necesario regulala mediante esta disposición adicional. En concreto, deberase:

1. Favorecer a conectividade visual e funcional coa costa e os hábitats que nela e o seu contorno se vaian rexenerar e valorizar.
2. A devandita recuperación irá encamiñada á naturalización da área, de tal maneira que se mellore a súa calidade ambiental e escénica, que concluirá coa inclusión destas áreas recuperables desde o punto de vista ecolóxico na Área de Protección Costeira, de tal maneira que se favoreza a integración de parte do ámbito no seu contorno máis natural, procurando, así mesmo, dotalo de conectividade mediante os corredores xa identificados neste documento. En concreto, recuperarase a praia dos Praceres de forma acorde coas características orixinais da praia e as condicións actuais de hidrodinámica e planta do areal.
3. Así mesmo, na zona norte do ámbito poderanse rehabilitar e acondicionar as edificacións destinadas a aqueles usos e actividades necesarios para a xeración de espazos públicos de calidade e cohesión social, ao mesmo tempo que se procura a transición cos espazos principais destinados á rexeneración ambiental e recuperación natural do ámbito anteriormente mencionado.
4. Recuperarase a calidade ambiental e paisaxística, contribuírase a dotar de equipamentos e espazos libres de calidade o agregado urbano no que se insire, evitando parámetros de ocupación e intensidade incompatibles coa capacidade de carga do territorio e os valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais propios do litoral.

O desenvolvemento e consecución destes obxectivos concretarase mediante a redacción do instrumento de ordenación territorial ou urbanístico máis adecuado, atendendo, en calquera caso, ao interese público e á utilidade social da actuación que deberá abordar conxuntamente as accións de rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto nos terreos actualmente ocupados".

Polo grupo municipal do Partido Popular presentouse unha emenda que é do teor literal seguinte:

"A.- O Pleno do Concello de Pontevedra manifesta a súa oposición a calquera posible prórroga á presenza de ENCE na ría de Pontevedra máis aló do 2018, ano no que chega ao seu remate a concesión outorgada en terrenos de dominio público, e a necesidade irrenunciable do abandono desta ubicación con anterioridade a esta data tope.

B.- O Pleno do Concello de Pontevedra acorda impulsar e liderar unha solución concertada con todos os axentes implicados, que leve á factoría de Ence fóra da Ría de Pontevedra antes do ano 2018 e ó pechamento do ciclo produtivo do papel noutra ubicación dentro do termo municipal de Pontevedra ou na súa bisbarra. E ao mesmo tempo o Pleno acorda colaborar con Elnosa para que a devandita empresa, tras o seu desmantelamento no ano 2017, poida atopar unha nova ubicación dentro do noso concello o na súa bisbarra. Para isto, o Alcalde de Pontevedra deberá:

1. Demandar das empresas un plan industrial concertado destinado a diminuír os efectos económicos e laborais do traslado en Pontevedra e a súa ría.
2. Establecer conversas coas empresas para atopar unha nova localización respec-

tuosa co medio ambiente no termo municipal de Pontevedra, para desenvolver a actividade industrial.

3. Acotar, no documento de Plan Xeral de Ordenación Municipal que, por acordo plenario o goberno ten a obriga de aprobar antes dun ano, posibles ubicacións para as factorías de Ence e Elnosa, así como unha nova ubicación para a depuradora de Pontevedra, e o trazado do novo viario que resultaría necesario tras o desmantelamento das instalacións fabrís e da autovía de Marín, debendo acompañarse o correspondente plan de mobilidade.

4. Incentivar novos proxectos empresariais que permitan pechar o ciclo produtivo do papel no termo municipal de Pontevedra, o que permitirá aumentar o valor engadido deste sector.

5. Mostrar o apoio e recibir aos traballadores de Ence e Elnosa ante calquera anuncio das empresas de tramitar expedientes de regulación de emprego.

6. Presentar, no prazo máis breve posible, un plan de usos e o destino que pretende o Alcalde de Pontevedra para os terreos de Lourizán unha vez sexan desmanteladas as devanditas instalacións fabrís, que en calquera caso non poderá comprender un uso urbanístico especulativo como o que se lle deu á parcela de Tafisa.

7. Modificar as ordenanzas fiscais para garantir que ás instalacións fabrís de Ence e Elnosa se lles aplique a máxima carga impositiva permitida por lei.

8. Incoar expedientes de inspección fiscal das instalacións de Ence-Elnosa polos conceptos de IAE, IBI e demais tributos, a fin de comprobar a adaptación das declaracións fiscais destes conceptos á realidade.”

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente**, concede o uso da palabra a don Agustín Fernández González, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

O **Sr. Fernández González**: Bos días, moitas grazas, Sr. Alcalde.

Nese tema de ENCE, creo que xa dixen nalgunha ocasión que cando tratamos asuntos relativos a ese complexo industrial resulta bastante difícil ser orixinal nos planteamentos porque xa se tratou isto aquí en moitas ocasións, excepto que un sexa do Partido Popular, que entóns igual non é moi orixinal pero sempre nos amenizan cun plantexamento diferente ao do pleno anterior.

Incidencias.- Reincorpórase á sesión dona Carlota del Carmen Román García.

Cando falamos deste complexo, ilegalmente instalado nas marismas de Lourizán, podemos facelo e enfocalo dende diversos ángulos; hai un ángulo que é puramente xurídico, desde esa visión temos que remontarnos ao ano 1958, cando se outorga a única, repito, a única concesión para ocupación dos terreos das marismas de Lourizán á empresa ENCE que naquel momento tiña outro nome e que dependía do Instituto Nacional de Industria, esta concesión se fixo con arreglo a un prego de condicións no que se establecían os límites, se se me permite a expresión, da barbaridade que ía a cometer e esta barbaridade limitábase á instalación de unha fábrica de pasta de celulosa Kraft, nos terreos das marismas de Lourizán, nin menos nin máis, este era o obxecto da concesión; e a realidade que é teimuda é que ao longo de estes anos de ocupación, a empresa, baixo as súas diferentes denominacións foi incumprindo, sistematicamente, as cláusulas da concesión; e non contenta con isto tamén acabou por incumprir a lei de costas e o seu regulamento. Ata tal punto incumpriu as



cláusulas da concesión e a normativa vixente que cometeu un delito ecolóxico e foi condenada por delito ecolóxico, causa que sería máis que suficiente para proceder á recuperación dos terreos e deterrar de eles á ocupante ilegal.

E caemos nun erro, nun erro moi común, ao pensar que os terreos da concesión seguen dedicados á autorización orixinal, porque iso está moi lonxe da realidade. Dende case o principio, a empresa, coa connivencia de todas as administracións, foi engadindo edificacións, ocupacións, actividades, dentro da parcela y todas elas “manu militari”, é dicir, se se me permite a vulgaridade, se la sopló sempre a normativa vixente, polo tanto hai unha fragrantemente vulneración das cláusulas concesionales e hai unha consolidación desta vulneración ao longo dos últimos 50 anos; non se trata aquí de facer un relatorio técnico xurídico pero creo conveniente recordar algunhas das cousas que pon as cláusulas da concesión, e na primeira cláusula da concesión se di que a parcela se destina a ocupar un espazo na zona marítimo terrestre da orilla sur da ría de Pontevedra, con destino á construción de unha fábrica para pasta de celulosa Kraft. Por senón quedara bastante claro, na cláusula oitava, respecto da concesión, di que non se pode nin arrendar nin destinala a outros usos ou fins distintos aos expresados, é dicir á construción de unha fábrica de pasta de celulosa Kraft, e o apartado doce di que a falta de cumprimento por parte do concesionario de calquera das condicións anteriores será causa de caducidade da concesión e chegado este caso se procederá con arreglo ao determinado nas disposicións vixentes sobre a materia. Creo que é interesante recordar o que poñen as cláusulas da concesión porque probablemente moitos cidadáns non as coñezan e esas son as cláusulas polas que se rexe a ocupación da parcela das marismas de Lourizán. Somentes con isto que acabo de dicir e que acabo de ler sería suficiente para que esa empresa non puidera seguir aí, porque está superando con creces a superficie máxima construída e ademais se adica a fins distintos para os cales lle foi concedida a concesión. Porque nos terreos hai moito máis que unha fábrica de pasta de celulosa Kraft, hai, entre outras cousas, unha planta de coxeneración de enerxía, unha planta que evidentemente non ten nada que ver coa concesión orixinal e que en cambio lle reporta moi bos dividendos á empresa. Polo tanto, dende un punto de vista meramente xurídico estes terreos deberían ser obxecto de unha recuperación inmediata por parte da Administración.

Incidencias. - Reincorpórase á sesión don Vicente García Legísima.

Logo está a vertente política e aí hai que dicir, con toda sinceridade, que ao longo de esta longa historia de máis de 50 anos, hai moitos elementos de utilización política de unha situación inxusta pero houbo sempre moi pouca vontade política por parte de todos de arranxala, de todos, dende a Administración do Estado, ao Concello pasando pola Xunta de Galicia, tal vez porque no fondo a presenza de ENCE supón a veces réditos electorais nada desprezables, pero o escenario é o que é, un escenario no que o Partido Popular adoptar unha actitude moi clara de submisión aos intereses da empresa, intentando confundir con unha dobre ou incluso cunha tripe linguaxe que se se me permiten non só resulta increíble senón que provoca certa vergonza allea.

Que está claro?, está claro que o Partido Popular está a negociar con ENCE-ELNOSA por debaixo da mesa, si Sr. Moreira, vostede igual non se entera, pero si que o está a facer, porque non fai falta ser moi espabilado para darse conta e os que mandan son os que están a negociar e vostede parece non enterarse de nada. Mire, tan pronto chegou o Partido Popular a Madrid o goberno de Madrid encargoulle a

Arias Cañete a voadura controlada da Lei de costas, unha lei aprobada polos socialistas, modelo en toda a Unión Europea de protección do litoral, unha lei que introducía unha cláusula de caducidade de trinta anos para aquelas concesións que naceran na época franquistas como era no caso de ENCE e así estableceuse esa data de caducidade na concesión no ano 2018. Arias Cañete, que é un tipo dilixente cando se trata de beneficiar ás empresas se puxo máis á obra inmediatamente e así, en pouco tempo, acabou con ese prazo de trinta anos e abriu unha posibilidade de unha prórroga por outros 75 anos máis, un acordo froito claramente da negociación entre o Partido Popular e los grandes holdings empresariais, entre eles, por citar algún exemplo, o do ex-ministro Abel Matutes no Levante e nas illas Baleares, por poñer só un exemplo. E claro, con tantos cartos en xogo, porque aquí hai que falar que hai moitos cartos en xogo, sabendo o que empezamos a saber das famosas doazóns irregulares que circulan por aí, pois se un fora mal pensado daría moito en que mal pensar; afortunadamente eu son un alma inocente e son incapaz de pensar tan mal.

Unha reforma da lei, esta reforma do ministro Arias Cañete, que introduce como única concesión para a prórroga un informe da comunidade autónoma, pero claro, xa non é un informe vinculante, é dicir, é como non dicir nada, é papel mollado. Ese é o primeiro nivel de negociación, pode que vostede non se enterara pero ese é o primeiro nivel de negociación. O segundo nivel de negociación está un pouquiño máis cerca, está aquí en Galicia, onde a Xunta ven mantendo contactos cos directivos de ENCE e de ELNOSA contactos abertos e coñecidos, basta con ler a prensa. O Conselleiro Agustín Hernández, asinou, non fai moito, un protocolo, que é un documento que non ten ningún carácter vinculante, asinou un protocolo con ELNOSA para permitirles quedar en Lourizán máis alá do ano 2014, prórrogas e autorización ambiental integrada, e moito nos tememos, que lle será outorgada unha prórroga da súa concesión de dominio público para seguir en Lourizán, que mala memoria ten o conselleiro Hernández, que mala memoria, que pouco se acorda das súas propias declaracións, unha mala memoria que é tan mala como a do Sr. Moreira co crematorio de San Amaro.

E mentres, as negociacións do PP con ENCE seguen a avanzar e, entón, se me permite facer un pouco de política ficción, lle podo explicar o que vai a suceder. A Xunta, cando chegue o momento, emitirá un informe favorable á prórroga da concesión de ENCE e ENCE a cambio comprometerase a tunear un pouco a fábrica, porá por alí uns cantos arboritos para que hai así unha especie de barreira vexetal, para que a vexamos menos, para que quede bonita, investirán cartos en acabar co impacto estético, patrocinará algún evento deportivo co Sr. Louzán e todos tan contentos, ese é o escenario, esquecendo outra vez, outra vez a mala memoria, Sr. Moreira, que o Parlamento galego votou por unanimidade a saída de ENCE e de ELNOSA da ría de Pontevedra no ano 2018. Estamos cheos de lagoas mentais no Partido Popular, que evidentemente non son algo novo, como dixen antes o Partido Popular votou a favor de un crematorio en San Amaro e agora o Sr. Moreira se rasga as vestiduras falando de que lle preocupa o cheiro dos cadáveres ao queimarse, o mesmo Sr. Moreira que votou a favor do crematorio no ano 2009, menuda credibilidade.

A postura do Partido Popular con respecto a ENCE-ELNOSA cambia tanto como as mareas, suben e baixan depende do momento, nos primeiros anos do goberno Fraga, apoio sen fisuras, logo chegou un conselleiro un pouco máis oportunista que un día apoiaba, outro día ameazaba con pecharlles o emisario submarino, pero aí estaban apoiando sen fisuras. Máis adiante a aprobación de un plan supramunicipal, sintonía total, desembarco de un grupo denominado Georgia Pacific, intención de montar aquí unha pequena papeleira de papel tisú, de legalizar a situación de esa planta de coxeneración de enerxía que segue aí e que xa estaba antes. Despois, cando xa



esa compañía americana dera por finiquitado o proceso chega Telmo Martín e facemos un xiro de 180º e trasladamos a fábrica xa para o ano 2018, facemos un centro tecnolóxico de investigación, unha facultade universitaria, todo nos montes de Marcón, quilómetros de tuberías e un montón de cousas, esa era a teoría de Telmo Martín, a Xunta de Galicia súmase a esa teoría do Sr. Martín e parece apoiar o traslado da fábrica; e agora nos despachamos con que o Presidente da Deputación xa empeza a alternar cos directivos de ENCE e empeza a defender xa a continuidade de ENCE e das factorías de ENCE-ELNOSA nas marismas de Lourizán.

Pola súa parte, o Sr. Moreira que anda un pouco despistado neste tema se me permite dicilo, insiste en que ENCE-ELNOSA deben deixar a ría no 2018. É dicir, un baticurrillo de declaracións que claro, tendo en conta a credibilidade do Sr. Moreira parece bastante máis que discutible que teña capacidade para tomar decisión sobre algo. E nesas estamos cando o Partido Popular, ante a proposta conxunta do goberno municipal, presenta unha emenda a moción do grupo de goberno na que se pretende, entre outras cousas, que o goberno municipal, ou neste caso o Sr. Alcalde se convertan en axente inmobiliario de unha empresa privada e que nos poñamos a buscar terreos para a empresa, o seguinte paso seguro que será que tamén llos paguemos. Falan vostedes de liderar, non, os que máis lideran son vostedes, vostedes son os que poden lideralo, gobernan no Estado, gobernan na Xunta, gobernan na Deputación, vostedes si que poden liderar e claro que están liderando, claro que están liderando, están liderando a consolidación dese complexo ilegal outros 75 anos máis na ría de Pontevedra, claro que lideran, lideran vostedes iso.

Eu resístome a prestarlle máis tempo á proposta do Partido Popular porque nin ten sentido nin é crible, os que mandan no seu partido xa tomaron decisións, seguramente non consultaron con vostedes nin van a consultar pero xa tomaron decisións e as decisións están aí, xa tomou decisións Arias Cañete, xa tomou decisións Feijoo, Louzán, e que vostedes poden presentar o que queiran pero como lle vamos a facer caso, nos gustaría de verdade facerlles caso pero como lle vamos a facer caso.

Polo tanto, como nosa moción é razoable, moito máis que razoable, aínda que podería ser moito máis ampla, moito máis decidida pero é razoable precisamente para que todos podamos sentirnos cómodos apoiando esta moción, non ten a conto falar de emendas á moción e si ten a conto clarificar cal é a posición de cada grupo con respecto á situación dese complexo ilegal. Como vamos a ordenar urbanisticamente algo que é mar, que é marisma, como nos están pedindo iso cando o prego de condicións establece que, unha vez que a empresa se vaia, os terreos teñen que volver ao seu estado orixinal, que temos que ordenar aí?, o único que temos que ordenar é que a empresa se vaia e que as marismas volvan a ser marismas, iso é o que temos que ordenar, non hai outra cousa que ordenar, que pretenden vostedes que ordene-mos aí?.

Polo tanto, dende o sentido común e dende a sensatez lles pido que se sumen á moción presentada polo goberno municipal e que hoxe mostren aquí esa unanimidade necesaria para trasladarlle á empresa e aos gobernos que en Pontevedra xa estamos fartos de cheiros.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Tino Fernández.

Ten a palabra dona María Carme da Silva Méndez, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

A Sra. Da Silva Méndez: Grazas.

Estamos no ano 2013 e efectivamente ENCE-ELNOSA levan ubicadas nas marismas de Lourizán xa demasiados anos, a sociedade de Pontevedra e a sociedade galega, leva moitísimos anos loitando para que ENCE-ELNOSA desaparezan da ría de Pontevedra, e as posturas ao respecto de este tema, eu aí discrepo co anterior intervinte, están perfectamente claras dende hai moitísimos anos. Hai quen sempre estivo ao carón da sociedade pontevedresa loitando para que desapareza da ría de Pontevedra o complexo ENCE-ELNOSA e hai quen estivo traballando como o Partido Popular para que permaneza nesa ubicación. Os feitos son os que definen as posicións, non declaracións como as que nos ten acostumados o Sr. Jacobo Moreira. As decisións do Partido Popular ao longo dos últimos anos son claras, aprobación de un proxecto sectorial no ano 2003; prórrogas ás autorizacións ambientais integradas, para colmo está a do protocolo recente este con ELNOSA, onde despois de que era improrrogable a partir do 2014, se prorroga ata o 2017 eu non sei se querendo pasar a sociedade de Pontevedra polo que non é, porque realmente todo o mundo entendeu o que significaba esa prórroga, era darlle alas a ELNOSA para tamén pelexar por estar consolidada os anos que sexa na ubicación actual; recursos das sentenzas que anulan o proxecto sectorial, cando había a oportunidade de mandarlle unha mensaxe clara á empresa de que en esa ubicación non ía permanecer a Xunta optou por recorrer as sentenzas, tanto do Concello de Pontevedra como da APDR, que deixaban claro que o proxecto sectorial é nulo e, para colmo, agora xa a modificación da Lei de costas. A modificación da lei de costas deixa a porta non aberta, non é que a abra, é que xa se meteu dentro, para que ENCE permaneza e ELNOSA permaneza 75 anos máis na súa ubicación actual, desgraciadamente se iso sucede os aquí presentes non veremos o final pero o que si lle garantizo ao Partido Popular e que dende o Bloque Nacionalista Galego vamos a seguir pelexando incansabelmente para que iso non pase.

Tamén discrepo con que o PP e ENCE negocian por debaixo da mesa, nunca o fixeron, negocian claramente, negocian ás claras e en ningún momento evitaron que iso non se supera, as declaracións dos representantes do consello de administración de ENCE deixan claro que están moi satisfeitos coa postura que está tomando a Xunta e o Partido Popular está tomando abertamente decisións para consolidar o complexo aí, e ademais e que tamén teñen destacados membros do Partido Popular que foron conselleiros de Medio Ambiente e ministros de Medio Ambiente, formando parte do consello de administración de ENCE, e que nin sequera fai falta, con quedar un momentito xa está. Eu non sei se o Sr. Jacobo Moreira tamén pretende rematar no consello de administración de ENCE, o que non sei tampouco e se esta emenda que presenta Ila ditou Arregui ou Hernández pero algún dos dous foi, e dá igual cal dos dous fose, porque tanto monta un como outro, e manifesta claramente a emenda as intencións do Partido Popular de favorecer á empresa.

Só por mencionar un par de aspectos que di aquí, ao respecto da fiscalidade que ten que pagar ENCE-ELNOSA, non deixa de ser sorprendente cando, por exemplo, os cidadáns de Pontevedra, pagan máis de dous millóns e medio de euros cada ano de canon de auga á Xunta de Galiza e ENCE un 800 mil euros e tería que estar pagando uns 6 millóns de euros se lles aplicásenos a mesma tarifa que a calquera empresa ubicada no termo municipal de Pontevedra pero como a esta lle cobra directamente a Xunta pois non chegamos aos 6 millóns de euros, calcule a cantidade que a Xunta de Galiza está permitindo que ENCE non pague cada ano.

Falando do plan xeral, que tamén o menciona por aquí, non deixa de ser curioso porque a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, contestoulle ao goberno de Pontevedra en novembro do 2012 que ten que incluír o proxecto sectorial



anulado polas sentenzas no plan xeral.

A historia deste tema é longa, os posicionamentos están moi claros, hai quen vai seguir sempre loitando para que ENCE-ELNOSA salgan da ría de Pontevedra e o fagan antes do ano 2018 e hai que vai a estar traballando, estivo e seguirá traballando para que iso non suceda, traicionando á sociedade de Pontevedra que é o que está facendo o Partido Popular, sendo o representante da empresa en vez de ser o defensor dos dereitos dos cidadáns de Pontevedra.

O Sr Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sra. Da Silva.

Seguidamente, concede o uso da palabra a don Jacobo Moreira Ferro, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

O Sr. Moreira Ferro: Moitas gracias, Sr. Presidente, Sr. Moreira, moi bos días a todos.

Ben, tratamos agora unha moción presentada polos dous grupos de goberno, é unha moción meramente reivindicativa, repetitiva ata saciedade pero realmente pouco executiva. Vostedes fan un relato, o representante do Partido Socialista fixo un relato xurídico bastante detallado, eu non o discuto pero tamén me pregunto que se tan certos son eses argumentos xurídicos non entendo como, despois de tantos anos, os tribunais segan sen darlle a razón.

Sr. Lores, vostedes leva catorce anos gobernando nesta cidade e catorce anos detrás de una pancarta, o resultado desta xestións témolo todos aí á vista, non hai máis que mirar hacia Lourizán, ENCE, despois de estar vostede catorce anos detrás de una pancarta, a pesar de gobernar, ENCE sigue aí, e non me veña con que se a Xunta tal e a Xunta cual, vostedes gobernaron a Xunta de Galicia e ENCE continuou aí, é máis conque algo que nunca tivera conque ata entón que foi unha autorización ambiental integrada, da que vostedes agora mesmo renegan cando foi o goberno do Partido Socialista e do BNG que lle outorgou esa autorización ambiental integrada.

Presentan agora unha moción, insisto, repetitiva ata a saciedade e son vostedes aos que realmente lles interesa, están cómodos facendo política con este tema pero imos a analizala. O primeiro punto que o de amosar a oposición á presenza de ENCE-ELNOSA na ría de Pontevedra máis alá do 2018, nós apoiámolo, nós estamos en contra de que sigan aí, bueno, creo que habería que acotala a ENCE porque ELNOSA este é un feito novo, por primeira vez ELNOSA unha das empresas que está aí, firmou e asinou por escrito que renuncia a seguir aí ata o 2018 e se comezará a desmantelar no ano 2017, vostedes nos acusan de todo o contrario de que ELNOSA vai a seguir aí durante moitos máis anos, non sei como ten encaixe ese discurso cos reproches que estamos recibindo por parte do comité de empresa, porque precisamente nos están acusando de pechar a fábrica no ano 2017, eu creo que teñen un erro de discurso aí tremendo porque din xusto o contrario do que pensan os traballadores. Polo tanto, creo que deberían analizar iso porque parece que hai xente que se toma máis en serio que vostedes un acordo firmado por unha empresa, cousa que nin o BNG nin o Partido Socialista conque, nos catorce anos de goberno que leva o Sr. Lores, conque un compromiso de unha de estas empresas de este calado; si que se anunciaron moitas veces pero nunca o conque e, afortunadamente, agora hai un compromiso firmado.

No punto número dous, piden que o pleno do Concello de Pontevedra manifeste a súa oposición a calquera posible renovación das autorizacións ambientais integra-

das, ou sexa nos piden que nos opoñamos a unhas autorizacións ambientais integradas que vostedes concederon pero se se opoñen agora porque non se opuxeron entón cando as outorgaron?, e que non entendo nada, non entendo, porque foron vostedes os que outorgaron estas autorizacións das que agora, ao parecer, renegan.

Logo piden que o pleno do Concello de Pontevedra inste á Xunta de Galicia a declarar a expresa caducidade do proxecto sectorial de ENCE, conforme á sentenza que declara que non é conforme a dereito, pero en que quedamos, hai sentenza ou non hai sentenza?, porque se xa hai unha sentenza que declara a caducidade de este proxecto, supoño que o Concello non ten que facer nada, nin a Xunta, se se declara por sentenza, ou é que a sentenza non declara esa caducidade, entonces non apelen a sentencias que non din o que vostedes din que di.

Por outra banda, nos piden que o Concello de Pontevedra inste á Xunta de Galicia a que modifique a disposición adicional terceira do Plan de ordenación do litoral e benvida esta alegación, esta petición, porque por fin recoñecen vostedes que houbo unha administración que nunha norma con rango xeral para toda Galicia, introduciu unha disposición específica falando de ENCE, cosa que vostedes nunca conseguiron, agora parece que lle sabe a pouco, é dicir vostedes nunca regularon por norma legal o que ía pasar aí con ENCE despois de que marche e agora que se regule querren que se detalle aínda máis, creo que é un recoñecemento claro, expreso e explícito de que a Xunta de Galicia, gobernada por Núñez Feijoo, foi a primeira que se tomou en serio este asunto e o plasmou nunha norma, se saíu de detrás de unha pancarta, se saíu de planfletos pero plasmou nunha norma, cousa que vostedes tampouco conseguiron.

Logo nos piden apoio a unha mobilización social prevista para o 23 de novembro convocada pola plataforma 2018, mire, sinceramente este é o motivo principal polo que votamos en contra porque xa levan vostedes politizando este tema, convocando manifestacións políticas que non conquiren nada en vez de xestionar e nese eido, nese sentido vai ir a nosa moción a nosa emenda que agora paso a detallar.

E o último é dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia e ao Parlamento de Galicia, e á plataforma 2018, non teríamos inconvincente en dar traslado a quen fora menester.

Por outra banda, o representante do Partido Socialista di que nós andamos patrocinando, que o Sr. Louzán anda patrocinando algún evento deportivo con ENCE, o Sr. Louzán e o Sr. Lores tamén patrocinaron un evento deportivo que foi a volta ciclista. Fala tamén de que pretendemos que o Sr. Lores se converta en axente inmobiliario, estoulle pedindo algo parecido ao que fixo con TAFISA, porque aí si que fixo de axente inmobiliario, o que lle estamos pedindo e logo o relatarei na emenda e que o destino que queremos para onde está ENCE non queremos o que ten en TAFISA, un uso urbanístico especulativo que nin poden disfrutar os cidadáns, nin a universidade, todo pola súa negligencia e o final o que temos aí é un proxecto de burbulla inmobiliaria con pantallas arquitectónicas urbanísticas e se ese é o modelo que vostedes querren para Lourizán dende logo con nós non conte.

Por outra banda, pide que os terreos de Lourizán volvan a ser marisma, supoño que nese sentido tamén puido poñer vostede o nó de Mollavao e poderá opoñerse a esa pretensión de consolidar, cun paseo ata Marín, todo ese recheo que se fixo aí, que supolo que tamén algún día nos reivindicará tamén que se demola o pavillón dos deportes de Pontevedra ou as instalacións da Universidade, porque iso tamén era marisma, non se se vostede o recorda.

Sr. Lores, nós o que estamos propoñendo coa nosa emenda é algo que a algúns lle estrañou, eu non entendo por que, porque en calquera outra cidade non tería a opo-



sición nin que propoñelo porque xa tería saído do propio Alcalde. Nós propoñemos que vostede se deixe de accións reivindicativas porque vostedes, aínda que a veces non se acorde, é o Alcalde de Pontevedra e o que lle propoñemos é o seguinte: En primeiro lugar, aceptamos o punto primeiro, que é amosar a oposición a calquera posible prórroga da presenza de ENCE na ría de Pontevedra máis alá do 2018, e digo ENCE porque o de ELNOSA xa está solventado que está por escrito, pero nós non nos quedamos aquí, Sr. Lores, o que pedimos é que o Concello de Pontevedra tome un papel activo porque creo que non hai ninguén máis interesado que un Alcalde no porvir da súa cidade e en como deseñar a súa cidade. Por iso lle pedimos impulsar e liderar unha solución concertada con todos os axentes implicados que leve a esta factoría de ENCE fóra da ría de Pontevedra antes do ano 2018; e tamén o pechamento do ciclo produtivo de papel noutra ubicación dentro do termo municipal de Pontevedra ou na súa bisbarra, ao mellor na comarca vostede non ten competencia pero creo que no termo municipal si ten competencia por iso lle pedimos que ao menos busque vostede unha ubicación alternativa dentro do termo municipal de Pontevedra. E ao mesmo tempo posto que o desmantelamento de ELNOSA xa está asinado pedímoslle que colabore coa empresa para que tras o seu desmantelamento poida atopar unha nova ubicación tamén no noso Concello ou na súa bisbarra, pero para isto cremos que o necesario é o seguinte, que se poñan en marcha as seguintes accións: en primeiro lugar, demandar das empresas un plan concertado, destinado a diminuír os efectos económicos e laborais do traslado en Pontevedra a súa ría; en segundo lugar, establecer conversas coas empresas para topar unha nova ubicación, unha nova localización que sexa respectuosa co medio ambiente no termo municipal de Pontevedra para desenvolver esta actividade industrial; en terceiro lugar, e posto que este pleno ordenou ao goberno local a que no prazo de un ano, que xa está correndo, se traia aquí un documento de aprobación inicial do plan xeral, pois cremos que é convinte que nese traballo que se está facendo vostedes inclúan posibles ubicacións para factorías de ENCE e de ELNOSA; e tamén, claro, no podemos cinguirnos a falar só de ENCE-ELNOSA, e que a depuradora tamén está aí, terán que buscar vostedes acomodo para a futura depuradora de Pontevedra e posto que supoño que tamén haberá que levantar a autovía de Marín, haberá que buscar unha alternativa viaria e un novo viario para conectar Pontevedra con Marín, o que supoño que terán que acompañar o correspondente plan de mobilidade. Pedímoslle tamén que incentive vostede Sr. Lores novos proxectos empresariais que permitan pechar o ciclo produtivo do papel no termo municipal de Pontevedra, o que, sen dúbida, isto non fai falla que llo explique, permitirá aumentar o valor engadido deste sector.

Punto nº 5, pedímoslle tamén que amose o apoio, que reciba aos traballadores de ENCE-ELNOSA ante calquera anuncio das empresas de tramitar expedientes de regulación de emprego. Vostede tivo unha declaración moi desafortunada, aí uns meses, na que ninguneou, desprezou a todos estes traballadores dicindo que total non vamos a resolver o problema do paro con 200 traballadores de ENCE. Estes traballadores que nos si recibimos, a pesar de non gobernar, están esperando as súas desculpas porque son traballadores como outros calquera e creo que vostede non debería facer discriminacións. Nos somos os primeiros en esixirlle á empresa que respecte o emprego e que non destrúa emprego, pero non vimos o mesmo amparo en vostede hacia os traballadores que sentíronse ninguneados, eu creo que despreciados con esta afirmación gratuita.

E outra cosa, Sr. Lores, despois de que marche ENCE-ELNOSA que é o que quere facer vostede ahí?, nos queremos que vostede presente, no prazo mais breve posible, un plan de usos especificando o destino que vostede quere adicar a eses terreos

en Lourizán, unha vez que sexan desmanteladas as devanditas instalacións fabrís, e que en calquera caso, isto si que llo digo especificamente, é un punto non negociable, non imos a permitir que ahi vostede preste e dedique unha cualificación urbanística que permita facer o que se fixo en TAFISA, nos non queremos especulación urbanística como vostedes fixeron no caso de TAFISA.

E por ultimo lugar aspecto fiscal. Vostede Sr. Lores fixo unhas declaracións, vinlle esta semana nun medio de comunicación, na que falaba de ENCE e dicía querían seguir nuns terreos que son gratuítos e públicos. Isto non é certo pero como se fora, porque efectivamente para o que pagan é como se foran gratuítos, e di, con auga gratis, isto supoño que non é certo e si é certo pois vostede debería cobrarlles a auga, porque é o subministrador de auga en Pontevedra, non sei que pasa. Non pagan o canon da auga, si que pagan o canon da auga, isto non é certo. Evidentemente para eles isto é unha marabilla, un negocio espléndido, esquenceuse vostede Sr. Alcalde de engadir, e isto é unha suxerencia, e ademais disfrutan dun trato fiscal moi amable por parte do Alcalde de Pontevedra que non lle cobra todo o que lle podía ter cobrado de acordo coa lei no Imposto de Actividades Económicas, por exemplo, entre outros impostos. Polo tanto, euro son dos que opina que si estamos soportando todo o negativo que ten ENCE, ambientalmente, creo que o lóxico sería que tamén puidésemos disfrutar o pouco, o positivo que poida ter, dentro do positivo que ten e isto non é ningunha ilegalidade, isto non é prorrogar contratos de forma irregular, é cobrarlle a unha empresa o que permite a lei que se lle cobre, o máximo tipo impositivo, non sei porque vostede se empeña en manter ese trato fiscal tan amable que permite que esta empresa non pague todo o que tería que pagar conforme á lei, non falo de ningunha ilegalidade nin de ningunha irregularidade con respecto a ENCE. E polo tanto creo, Sr. Lores, que esta claro que nos amosamos a nosa oposición pero a alternativa debe de ser que vostede como Alcalde que é, nos ofrezca unha alternativa de seguir creando riqueza e emprego en Pontevedra, nun sitio que non moleste a ninguén e neste volvemos a reiterar o que estamos dicindo no tema dos crematorios, busquen un sitio no que non se moleste a ninguén, e creo que en Pontevedra con 120 quilómetros cadrados ten espazo para todo. Non renuncie a que ENCE marche de aquí e peche sen mais, e nos quedemos sen todo ese volume de negocio pedímoslle que esa alternativa sexa a que teña futuro en Pontevedra noutra ubicación e podamos recuperar as marismas de Lourizán ou ensanada de Lourizán. Despois de 14 anos de goberno, Sr. Lores, deixe xa de limitarse a ir a manifestacións e lidere a búsqueda dunha alternativa, porque si despois de 26, creo que vai xa para 27, non, de anos de concelleiro, de 14 anos de Alcalde, tamén, se o balance que ten é ir a unha manifestación cada ano, Sr. Lores, creo que o balance é moi pobre e moi vago, se esperaba moito mais de vostede neste sentido e polo tanto pedímoslle que lidere a búsqueda dunha solución e non se quede en traernos estas mocións tan repetitivas que tanto oxíxeno lle dan ao seu partido, porque realmente con isto esta claro que vostede leva 14 anos e non ten solucionado nada, incluso cando tiveron a oportunidade de gobernar na Xunta de Galicia. Nada mais e moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. Moreira.
Sr. Fernández, ten a palabra.

O Sr. Fernández González: Gracias Sr. Alcalde.

Brevemente porque eu penso que estamos caendo nun diálogo de xordos que o único que nos leva é a reiterarnos e a repetirmos sen escoitarnos.

Dicía o Sr. Moreira falando dos argumentos xurídicos que brevemente expuxen, que



como é que si iso é así, que os tribunais non nos deron ou non lles deron a razón. Pois a verdade é que si que nos deron a razón, a verdade é que si que nos deron a razón, mire vostede, o día anterior á toma de posesión como concelleiros desta Corporación, o día anterior, a Audiencia Nacional ditou unha sentenza pola que obriga a Administración a iniciar un procedemento de recuperación dos terreos, a iniciar o procedemento de recuperación dos terreos, da caducidade da concesión, esa sentenza esta recorrida polo avogado do Estado ante o Tribunal Supremo e previsiblemente o ano que ven teremos unha sentenza de casación definitiva e xa veremos se o Tribunal Supremo aguanta as presións a que esta sendo sometido por parte, tanto do Goberno, como da empresa, pero si que hai unha sentenza que ordena iniciar o procedemento de recuperación. A pena, se me permite dicilo, é que tivo que ser unha asociación privada quen fixera ese traballo que se debeu facer desde a administración, esa é a pena, pero si que hai xa recoñecementos explícitos, por sentenza, da situación das marismas de Lourizán e da ocupación ilegal.

Di vostede que somos repetitivos, home non, claro que somos repetitivos, vimos reclamando o mesmo desde sempre, como non nos vamos a repetir, o problema é que quen ten capacidade para tomar decisións, pois se esconde, se agacha ou simplemente se somete aos criterios da empresa privada. Di vostede, tamén, que é un gran avance que este goberno da Xunta firmase un protocolo, mire vostede por onde, os protocolos Sr. Moreira, vostede sabeo tamén coma min, non van mais ala dun documento de intencións, hasta que sexa en un convenio, pero de momento é solo un protocolo, valor o xustíño, é dicir, moi pouco. Protocolo que, por outra parte, estou absolutamente convencido de que redactou desde a primeira letra hasta a última ELNOSA. Eu non teño ambaxes en recoñecer a falta de actitudes das administracións, de todas as administracións, eu recoñezo que evidentemente se puideron facer as cousas de outro xeito, non o oculto, o que digo é que temos que desde as administracións liderar a saída de esa empresa, dese complexo industrial ilegal das marismas de Lourizán.

Fala vostede, e aí me vai a permitir dicirlle que pincha en oso, de porque non nos opuxemos ou non me opuxen á consolidación do muro de Mollavao, dese nudo de Mollavao ou do paseo marítimo, aí ei de dicirlle que pincha en oso, con respecto a min pincha en oso. Eu si que me opuxen, incluso xudicialmente no que respecta ao nudo de Mollavao, e incluso xudicialmente, e por suposto que no tema de establecer barreiras que no futuro poidan dificultar a recuperación dos terreos para o que eran, non contará con meu apoio, así de claro, non contará con meu apoio. Falar de postos de traballo así nestes tempos é moi doado, non, e utilizar a demagogia mais simple e mais rutinaria que se pode utilizar, pero mire Sr. Moreira, as políticas de emprego teñen outros ámbitos, outros ámbitos de competencia, aplíquense vostedes neses ámbitos a elaborar políticas de emprego, aplíquense vostedes. Aquí non se discute iso, aquí se discute outra cousa, se discute a situación dunha empresa, por certo, dunha empresa que cando foi transferida e vendida, foi vendida por un prezo porque tiña data de caducidade no 2018, senón tivera data de caducidade, o seu prezo houbera sido moitísimo mais elevado, por razóns lóxicas, e agora o Sr. Cañete e compañía lle permiten obter un beneficio desmesurado, abrindo o prazo de concesión 75 anos mais, fíxese vostede, entón vamos a centrarnos.

Falan vostedes, insisten no plan de usos e que pasa con outros terreos, estamos falando dos terreos de Lourizán, non estamos falando doutros terreos, non equipare vostede a situación de Lourizán a outros terreos ocupados por servizos públicos ou por edificacións públicas, non o equipare vostede. Desde o punto de vista da ordenación é moi fácil si está no prego de cláusulas da concesión, recuperación dos te-

reos para o que eran, eran mar, xa veremos despois como se ordena o resto, pero aquilo era mar e ten que volver a ser mar, que é o que a xente quere, é o que a xente pide, non pide outra cousa. Non se pode facer outra cousa alí mais que o que di o prego de condicións e o que queren os cidadáns de Pontevedra, que recuperar esos terreos para o que sempre foron e para o que deben ser. Entón, non embarremos a situación, vostedes están onde están o seu partido esta onde esta, esta apoiando a permanencia dese complexo industrial en Lourizán. Non contan con vostedes, pois non contan con vostedes, o meu partido tampouco contou connigo en outras ocasións, pero eu mantiven unha liña, sexa vostede coherente, senón contan con vostedes dígaos, non contan, non pinto nada, pois non pintará nada, pero a realidade é que o seu partido esta nunha posición determinada, de consolidar ese complexo industrial. Igual iso lle reporta votos, non o sei, sexan coherentes.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. Fernández.

Sra. Da Silva ten a palabra.

Sra. Da Silva Méndez: Grazas.

O primeiro que lle teño que dicir, Sr. Moreira, é que si que o BNG vai a estar presente na mobilización que hai o día 23 ás sete e media da tarde, como sempre o fixemos cada vez que a sociedade de Pontevedra se mobilizou para que ENCE-ELNOSA salgan da Ría de Pontevedra, porque lle recordo que si hoxe estamos aquí debatendo desde tema é grazas á presión social e á mobilización social.

Desgraciadamente estamos en tempos nos que non vai a ser a única mobilización nas que nos vexa, vainos ver en moitas, en todas as que sexan necesarias para combater a situación que neste momento se esta dando por decisións alleas ao noso país e que queren acabar e destruír o pobo. Polo tanto, non se preocupe, nos estamos orgullosísimos de ir nas pancartas, de levalas e de facer esas reivindicacións, porque son xustas e porque ademais a sociedade as reclama, vergonza tería que darlle ao Partido Popular o que esta facendo sendo portavoz da empresa, porque no seu delirio por ser portavoz do Partido Popular, xa chega a dicir cousas que son absolutamente increíbles. Eu dígolle que a rectifique, porque logo iso queda constancia en acta e alguén pode ter interese en lelas no futuro, e dicir quen sería este que estaba ahí de concelleiro e non sabia nada. Vamos a ver, auga gratis a ENCE, pero desde cando vostede non sabe que ENCE ten unha captación propia que non é de competencia municipal, que depende da Xunta de Galiza, e que esa é a auga da que estamos falando, desde cando non sabe que o canon de auga o ten que pagar polo consumo que ten, que lle recordo que é moito mais que todos os concellos da Ría de Pontevedra, tenllo que cobrar directamente a Xunta de Galiza, e coa lei de augas lle pegan unha enorme subida ao canon de usos domésticos, vamos, ao bolsillo dos cidadáns, pero a ENCE non se lle toca. ENCE paga uns oitocentos mil euros cada ano mentres os cidadáns de Pontevedra pasan dos dous millóns e medio de euros, porque como se sabe, consumen moita menos auga e contaminan moito mais que ENCE, e por iso teñen que pagar moito mais, claro, vostede tampouco sabe que iso suporía se pagase o mesmo que un taller, xa non estamos falando do que tería que pagar unha industria das súas características, andaría cerca dos seis millóns de euros anuais, segundo os consumos de auga declarados pola empresa, pero vostede nese delirio pois non ten ningún problema en defender á empresa.

Logo tamén hai un punto da súa moción que non lle dixen antes porque pretendía ser mais breve na intervención, pero é que o Plan Xeral de Ordenación Municipal xa tiña cando se lle enviou á Xunta de Galiza, e vostede debera sabelo, a ordenación deses



terreos, o problema é que a Xunta de Galiza quere que se inclúa o proxecto sectorial, pero eses terreos e vostede tanto fala do Plan Xeral de Pontevedra, supoño que o documento que se enviou á Xunta para a súa aprobación e que veu aquel informe coñecerao, verdade, e se o coñece xa sabe os usos aos que esta destinado ese solo, pero seguimos co delirio, e sinceramente o que vostedes din so o creen vostedes, si é que o creen.

A sociedade de Pontevedra, a sociedade galega, vai a seguir loitando porque ENCE non se consolide aí, igual que grazas ao Concello de Pontevedra, hoxe aí non hai unha papeleira, que estaría consolidando o complexo, igual que grazas ao Concello de Pontevedra e ás asociación de Pontevedra, hai sentenzas en contra dese proxecto sectorial que a Xunta, en conivencia coa empresa, non quere executar, que anularían o proxecto sectorial, pero bueno cada un é libre de defender os intereses que queira, nos preferimos defender os intereses da sociedade pontevedresa e do pobo galego e vostede prefire defender os intereses da empresa igual que fan no goberno da Xunta, igual que fan no goberno central. Bueno, o futuro dirá quen ten razón, os que pelexamos para que iso non se consolide aí, ou os que traicionando os intereses de Pontevedra, están intentando que se quede.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sra. Da Silva.
Sr. Moreira, ten a palabra.

O Sr. Moreira Ferro: Gracias Sr. Alcalde. Moitas gracias.

Mire, vostedes levan indo non sei cantos anos a esa manifestación, pero díganme que conseguiron ata o de agora, porque desde o goberno que é onde teñen para facer as cousas parece que non queren facer nada, simplemente lles interesa que exista un conflito aberto cunha empresa. E que quede claro, que parece que non leron ben a emenda, o noso punto primeiro da emenda é mostrar a oposición a que siga aí despois do 2018. Vostedes xa fan elucubracións sobre os futuribles e tal e, que eu saiba, ningunha empresa en Pontevedra pediu por agora unha renovación da prórroga da concesión, pero vostedes xa dan por feito que se pediu, que o Partido Popular están negociando aí, incluso deu a entender como que estamos presionando aos xuíces ou algo así para que non executen a sentenza e, mire, está claro cando un ten a razón e ten unha sentenza se executa e senón se está executando é que realmente a sentenza non din o que vostedes parece que queren que diga pero que non di.

Nós o que lle pedimos, Sr. Lores, é que nos diga cal é a alternativa para cando marche ENCE?, iso é o que nos interesa a todos. En primeiro lugar, que marche de aí, estamos todos de acordo e insisto, o punto primeiro da emenda así o recolle, pero que vai pasar con esa empresa unha vez que marche de aí, e que imos perder toda esa riqueza que xera esa empresa e ese emprego que xera esa empresa. Eu dígolle que mire por outros alcaldes, mire, por exemplo, o Alcalde de A Coruña non se dedicou a ir a manifestacións con relación a estación da refinería de Coruña, estivo xestionando e por fin conseguiu o compromiso para trasladar a estación de atraque de subministro da refinería de A Coruña e quitou un problema que había aí pero creo que indo detrás de pancartas non tería conseguido nada o conseguiu xestionando, falando coa empresa, falando coas administracións e, ao final, conseguindo firmar un convenio para conseguir esa modificación. Ese é o Alcalde que todos esperamos de vostede, o Alcalde xestor, pero vostede está moi cómodo aí clamando contra un sistema cruel e corrupto, sentado no seu sillón de pel de mil euros, ou senón saíndo por

aí mentres se aloxa en hoteis de catro estelas, de 150 euros a noite, que non me parece nada mal, non teño nada contra iso; agora, teño algo que dicir porque cuando paga Juan pueblo si que creo que teño algo que dicir.

Polo tanto, Sr. Lores, o que buscamos é unha alternativa, xa está ben de emoción pantalla, de emocións propagandísticas, tome este touro polos cornos, aínda que non lle gusten os touros, pero creo que xa é hora, despois de catorce anos, que se quite de unha vez a careta e que se dea conta de que vostede non está na oposición senón que está gobernando e que non fixo nada, absolutamente nada por intentar que esa riqueza que se xera aí se quede en Pontevedra. E no ano 2018, cando marchen esas empresas, todos nos lamentaremos de que marchou unha gran oportunidade, e o Concello tamén o notará por vía de ingresos de recursos, non tanto como o debería notar porque estamos de acordo en que vostede non está aplicando a máxima carga fiscal que se lle permite coa lei na man, insisto, non facendo irregularidades nin contratacións irregulares como vostede nos ten acostumbrados.

Nada máis, propoñíamos esta emenda e, polo tanto, senón a votan a favor posto que hai algúns puntos da súa moción nos que nós estamos de acordo pero non en todos, teremos que abstermos na votación da súa moción.

Nada máis e Moitas gracias.

O Sr. Fernández González: Quería falar se podo, Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde-Presidente: Si, vostede ten a palabra, non sei se vamos xa no terceiro...

O Sr. Fernández González: Creo que estamos no remate.

Simplemente para indicar que a moción se vota no seu conxunto, polo tanto o se vota toda o non se vota, ou non se vota a favor quero dicir, poden votar vostedes o que queiran.

Simplemente era para dicir iso.

O Sr. Alcalde-Presidente: É que estábamos discutindo iso precisamente, por iso non lle atendía a vostede Sr. Fernández. Temos unha certa diverxencia, eu non teño inconveniente ningún en votar as emendas, pero senón hai un voto particular ou é unha moción alternativa, que é distinta, que a pode presentar obviamente como urgente e se vota, entón non teño inconveniente en votar unha moción do Partido Popular e logo votamos a nosa, o primeiro a nosa e logo a do Partido Popular. Esas emendas non están recollidas como voto particular da outra emenda, entón vexo complicado.

O Sr. Secretario: Se é unha emenda, como tal emenda debería votarse previamente porque está presentada con máis de 24 horas de antelación o que pasa é que isto non é unha emenda...

O Sr. Alcalde-Presidente: É unha moción alternativa que emenda a outra moción.

O Sr. Secretario: Realmente é unha moción alternativa porque o noso regulamento non contempla emendas de substitución, emendas á totalidade.



O **Sr. Moreira**: Vamos a ver, isto xa ocorreu máis veces aquí e non houbo ningún problema, se vota a emenda do PP e se vota a moción do goberno, non vexo, sempre plantexa o mesmo problema non sendo problema.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: Senón hai ningún problema, é o concepto. Se ademais e que temos clarísimo todos o que vamos a votar.

Rematado o debate, sométese a votación a emenda presentada polo grupo municipal do Partido Popular, votando a favor 10 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do Partido Popular) e en contra 14 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE), polo que o Pleno do Concello, por maioría, acorda rexeitar a devandita emenda.

Seguidamente, sométese a votación a moción conxunta dos grupos municipais do BNG e PSdeG-PSOE e o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 14 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e a abstención de 10 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do Partido Popular), acorda aprobar a moción anteriormente transcrita, sobre a oposición a calquera posíbel prórroga á presenza de Ence-Elnosa na ría de Pontevedra máis alá do ano 2018.

8.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA ÁS DEFICIENCIAS NAS PISCINAS DE CAMPOLONGO.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (24), ratifícase a súa inclusión na orde do día e considérase aprobada a urxencia.

O texto íntegro da moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, é o seguinte:

“O 31 de Marzo do ano 2000 a Xunta Rectora do IMD resolveu adxudicar o contrato de xestión de servizo público, na súa modalidade de concesión administrativa para a xestión, explotación e mantemento das instalación deportivas de Campolongo á empresa Servicio, Cultura, Deporte y Recreación S.L. por un período de 10 anos improrrogables segundo a cláusula 4ª do prego único refundido de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares dende a data de formalización do contrato, ó 4 de Xullo de 2000.

De acordo co prazo improrrogable de 10 anos previsto nos pregos, o contrato expirou a súa vixencia o 4 de Xullo de 2010, formalizándose ata o día de hoxe ata catro prórrogas de xeito irregular con informes contrarios de Secretaría e Intervención e todas e cada una de eles.

Tras detectar varias patoloxías e deficiencias, o Concello de Pontevedra solicitou un informe técnico á empresa Enmacosa S.A., o cal é entregado con data 26 de Abril de

2011. Este informe detecta ata 49 patoloxías, tales como: filtracións en vasos da piscina, danos por corrosión no forxado, patoloxías por condensación en cerramentos, filtracións a través da cuberta e muros, desprendemento de alicatados e pavimentos cerámicos, rotura de baixantes e de pezas do sistema de recollida e evacuación do pluviais, etc.

A mesma empresa concesionaria, ante a inoperancia do Concello de Pontevedra, emite un informe con data 24 de Xullo de 2012 no que comunica que non pode garantir ó adecuado estado de conservación e funcionamento dos equipos, maquinaria e instalación ao sobrepasar en tres anos a vida útil dos mesmos.

O Concello de Pontevedra en vez de solucionar este grave problema con risco para a saúde e integridade de todos os usuarios e empregados das Piscinas de Campolongo, decidiu unilateralmente ligar esta reforma coa privatización dos máis de 30.000 metros cadrados que han servir para crear un Complexo Lúdico público na zona de A Parda.

Ante o inmovilismo e incluso negación sobre as numerosas denuncias feitas polo Partido Popular de Pontevedra, tanto nas Xuntas Reitoras do IMD como publicamente nos medios, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para o seu debate e aprobación a seguinte proposta de ACORDO:

- Que se desligue o futuro das Piscinas de Campolongo co futuro Complexo Lúdico de A Parda.
- Que se proceda de inmediato á licitación dun concurso público que recolla a mellora e reforma de todas as deficiencias detectadas nas Piscinas de Campolongo.”

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a don César Alberto Abal González, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

O **Sr. Abal González**: Moitas gracias, señor Alcalde.

A moción que traemos hoxe aquí ao Pleno ven motivada polas nosas reiteradas denuncias públicas no IMD, no que o Concelleiro Fernández non nos fixo caso. Vou ler a exposición de motivos e vamos a ir despacio, vísteme despacio que teño prisa, como di o refrán.

O 31 de Marzo do ano 2000 a Xunta Rectora do IMD adxudicou un contrato de xestión de servizo público, na súa modalidade de concesión administrativa para a xestión, explotación e mantemento das instalación deportivas de Campolongo á empresa Servicio, Cultura, Deporte y Recreación S.L. por un período de 10 anos improrrogables segundo a cláusula 4ª do prego único refundido de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares.

De acordo co prazo improrrogable de 10 anos previsto nos pregos, o contrato expirou a súa vixencia o 4 de Xullo de 2010, formalizándose ata o día de hoxe ata catro prórrogas de xeito irregular con informes, en todos e cada un dos anos, contrarios de Secretaría e Intervención.

Téndose detectado patoloxías varias e deficiencias, o Concello de Pontevedra solicitou un informe técnico á empresa Enmacosa S.A., o cal é entregado con data 26 de Abril de 2011. Este informe detecta ata 49 patoloxías, non lle vou ler todas, nomearei algunhas, tales como: filtracións en vasos da piscina, danos por corrosión no forxado, patoloxías por condensación en cerramentos, filtracións a través da cuberta e muros, desprendemento de alicatados e pavimentos cerámicos, rotura de baixantes e de pezas do sistema de recollida e evacuación do pluviais, e así ata 49 patoloxías. Un informe entregado un mes antes das eleccións e ocultado a todos os pontevedre-



ses.

Esta mesma empresa concesionaria, ante a inoperancia e inanición do Concello de Pontevedra, emite un informe con data 24 de Xullo de 2012 no que comunica que non pode garantir ó adecuado estado de conservación e funcionamento dos equipos, maquinaria e instalación ao sobrepasar en tres anos a vida útil dos mesmos. Qué fixo vostede ante este problema?, nada, en vez de solucionar o problema, con risco para a saúde e integridade de todos os usuarios e empregados das piscinas, decide unilateralmente ligar esta reforma coa venda dos máis de 30.000 metros cadrados que han servir para crear un Complexo Lúdico deportivo na zona de A Parda.

Ante o seu inmovilismo e incluso negación sobre as nosas numerosas denuncias vimos aquí ao Pleno cunha proposta de acordo, para que conste o voto de todos e cada un de vos, e propoñemos:

- Que se desligue o futuro das piscinas de Campolongo co futuro Complexo Lúdico de A Parda, como así o entenderon unánimemente todas as corporacións políticas desta cidade.

- Que se proceda de inmediato a redacción dun novo concurso público que recolla a mellora e reforma de todas as deficiencias detectadas nas piscinas de Campolongo.

Nada máis.

Incidencias.- Auséntase da sesión o Sr. Alcalde, asumindo a Presidencia o Tenente de Alcalde, don Antonio Louro Goyanes.

O Sr. Presidente: Gracias, señor Abal.

Seguidamente, concede a palabra a don Agustín Fernández González, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

O Sr. Fernández González: Gracias.

En primeiro lugar, pídolles que lle trasladen ao señor Louzán o meu agradecemento por ordenarlles presentar esta moción, para empezar.

Como hai dous apartados na moción imos a comezar polo que vostedes chaman piscinas de Campolongo y que, en realidade, son un complexo deportivo onde hai, entre outras cousas, unhas piscinas, pero hai máis cousas. Permítanme esta pequena corrección para ser máis exactos na denominación, e tamén unha pequena recomendación, si me permiten, conviría que a próxima vez que queiran denunciar algo non se queden na porta, é preferible que entren e que o vexan, porque neste Concello e, nomeadamente, na Concellería de Educación e Deportes a información, como vostede ben sabe, fluye sen ningún tipo de censura, como sabe o seu grupo, e lle pido que llo trasladen tamén ao señor Louzán, a ver si se lle pega algo.

Alegan vostedes, para xustificar a súa moción, que o complexo deportivo presenta unha serie de deficiencias recollidas nun informe realizado a instancias do propio Concello, e non vou ser eu quen negue a evidencia, o complexo de Campolongo necesita unha remodelación moi a fondo, trátase dun complexo moi utilizado que xa ten máis de vinte e cinco anos, un complexo que, si me permiten, naceu xa vello no seu momento, que foise mantendo con parches ao longo do tempo a pesares das múltiples carencias que presentaba xa a construción no seu momento orixinal, eu non vou entrar en isto que tanto lles gusta a vostede do “y tu más”, e teño que recoñecer que o certo é que foi unha obra moi importante e moi necesaria para Pontevedra que ven

cumprindo un papel dinamizador da actividade deportiva da cidade moi importante.

O que si quero dicir é que esta moción que vostedes presentan busca provocar unha situación de alarma inexistente que a min, particularmente, me molesta. Pretenden dar vostedes unha sensación de ruína e incluso de perigo que, ademais de falsa, é absolutamente inaceptable. O mesmo informe no que vostedes se apoian, e que eu non nego, deixa claro que non hai perigos estruturais de importancia, non hai necesidade, por tanto, de dar unha sensación irreal da situación do complexo deportivo, é máis, por responsabilidade política deberían vostedes medir bastante os seus cualificativos para non alarmar con falsas insinuacións.

Nós somos tan conscientes da situación do complexo deportivo de Campolongo e da necesidade de darlle un aire novo que dende o primeiro momento foi un dos eixos da actuación política do grupo socialista e, por iso, estivemos estudando todas as posibilidades buscando aquela que fose mellor para a cidade e mellor para os miles de usuarios do complexo, tendo en conta que a remodelación do complexo deportivo de Campolongo necesita unha moi forte inversión. Así foi como xurdiu a posibilidade que estamos a barallar agora, unha posibilidade que asegura unha moi forte inversión ademais de asegurar a presenza de empresas na licitación, o cal, nos tempos que corren non é un asunto de menor importancia porque é fácil comprobar como ultimamente quedan desertos moitos concursos ou as ofertas que se presentan son ridículas. Polo tanto, mantendo sempre e en todo momento o carácter público da instalación e do servizo cremos que estamos no camiño de conseguir unha importante remodelación das piscinas e esta proposta foi aprobada pola Xunta Rectora e, dende entón, estamos traballando en ir solucionando os problemas de carácter administrativo que, nun asunto tan complexo como este, van xurdindo; un deles, por certo, foi a resolución do convenio que a Xunta de Galicia incumpriu con respecto ao Centro Lúdico de A Parda, pero a iso chegaremos un pouco máis tarde.

Unha vez que se aprobou a proposta pola Xunta Rectora procedeuse, entre outras cousas, a iniciar a elaboración dun anteproxecto de obra que debe recoller os aspectos básicos que deben contemplar os futuros participantes no concurso e, como non, aquel que resulte adxudicatario. Trátase, como vostedes comprenderán, dun proceso complexo que hai que facer con todas as garantías técnicas, administrativas e xurídicas, porque estamos diante da obra máis importante que se vai a facer durante este mandato en Pontevedra, con moita diferenza, por iso hai que ser moi coidadosos e moi escrupulosos tanto no fondo como na forma.

A súa moción chega a destempo, entre outras cousas, porque o proceso está xa moi avanzado, ata tal punto que non só contamos xa co anteproxecto redactado senón tamén cos informes técnicos que o avalan, polo que aproveito para anunciarlles aquí que antes de que remate este mes, probablemente, será proposto para a súa aprobación na Xunta Rectora do Instituto Municipal de Deportes, un anteproxecto que propón, de partida, unha inversión de máis de tres millóns de euros no complexo de Campolongo, máis de tres millóns de euros no complexo de Campolongo, de partida, a expensas das posibles e necesarias melloras que poidan presentar os futuros licitantes, polo tanto, como comprenderán, nós tamén queremos reducir ao máximo os tempos, agora xa estamos na recta final e pronto espero que vexamos consolidado un proxecto e un centro deportivo acorde coas necesidades de Pontevedra.

Tempo tiveron vostedes para plantexar este asunto sen esperar a facelo cando estamos a piques de entrar xa na última fase. Non se molesten entón cando eu lle faga referencia as interferencias que se poden producir na súa actuación dende outras institucións da provincia, insisto, é unha moción que chega a destempo.

Falan vostedes, tamén, da situación do Centro Deportivo de A Parda, eu quero acla-



rar primeiro unha cousa, vostede mencionou, se non me equivoco, a palabra venta, venta, está vostede moi equivocado, non vamos a vender nin un metro cadrado de terreo, o terreo de A Parda vai seguir sendo público e o servizo vai seguir sendo público e vai ser explotado a través dunha concesión, como o sería en calquera outro caso, incluso no caso de que a Xunta houbera cumprido os seus compromisos, pero de venta nada, léase vostede ben os papeis.

No tema de A Parda si que vou facer un pouquiño de historia. O 30 de setembro de 2005 asínase pola Xunta, a Deputación e o Concello un convenio que tiña por obxecto establecer as bases de colaboración entre as tres administracións para a execución dun novo campo de fútbol en Pasarón e dun complexo deportivo na Parda. No convenio establecíanse as obrigas das tres partes intervincentes e determinábase que o obxecto final era que a cidade de Pontevedra dispuxera de dúas infraestruturas esenciais en materia deportiva, un novo campo de fútbol en Pasarón e un complexo lúdico deportivo en A Parda. A licitación das obras correspondíalle, no caso de Pasarón, á Deputación e no caso de A Parda á Xunta de Galicia; no caso específico de A Parda a obriga do Concello era a posta a disposición da Xunta dos terreos necesarios para a construción, como así se fixo. O Concello non tiña que facer achegas diñerarias neste proxecto de A Parda. A duración do convenio fixébase, con carácter xeral ata o 31 de decembro de 2008

Incidencias.- Reincorpórase á sesión o Sr. Alcalde, asumindo a Presidencia.

O 21 de decembro de 2007 asinouse unha addenda a ese convenio para adecualo ás incidencias que ían xurdindo durante a construción do campo de fútbol de Pasarón, si se me permite, para dar cobertura ao incremento do custe da obra de Pasarón. Nesta addenda se reaxustan as achegas das administracións con cantidades e con novos prazos, o Concello asume parte da financiación do complexo de A Parda ata tal punto que no ano 2009 faise efectivo o abono dunha anualidade por adiantado por importe de 600.000 euros, o Concello segue a cumprir as súas obrigas, nesa addenda acordase tamén que o complexo de A Parda fose licitado no último trimestre do ano 2007 e, por último, establécese un novo prazo do convenio para rematalo o 31 de decembro do 2009.

A situación no ano 2011, cando o grupo socialista asume a responsabilidade en materia de deportes, era que as obras de Pasarón estaban moi avanzadas e non vosta-de clara de ser rematadas pero, polo que se refire á Parda a situación era totalmente oposta. Despois de que o Concello cumprira con todos os compromisos, incluso adiantando cartos, a Xunta de Galicia incumpríunos todos, é certo que licitou as obras pero tivo que resolver o contrato coa empresa e, naquela data, as obras realizadas eran moi escasas e o proxecto estaba paralizado. O máis grave é que nas conversas mantidas coa Xunta ao longo de todo o ano 2011 non se avistou ningunha vontade de licitalas.

Dende a quebra da empresa a Xunta mostrou sempre unha actitude pasiva ata que, a finais do ano 2011, nunha reunión na Secretaría Xeral para o Deporte, o único que lles interesaba era desdobrar o convenio co obxecto, así declarado, de que a Deputación cobrase o que se lle adeudaba da obra de Pasarón, de A Parda nin estaba nin se lle esperaba. Polo tanto, a realidade é moi teimuda, señor Abal.

No 2011, dous anos despois de que rematara o prazo máximo para a finalización das obras, estas estaban paradas, arruinándose sen nova licitación.

En outubro de 2009 publicábase unha información na prensa na que se dicía: “la

Xunta gestiona la resolución del contrato con la empresa adjudicataria del complejo lúdico-deportivo de A Parda, Teconsa, que se vio obligada a paralizar la obra al entrar en concurso de acreedores, así lo explicó el Secretario Xeral para el Deporte de la Xunta de Galicia, José Ramón Lete, quien ayer”, isto era outubro de 2009, “visitó esta y otras instalaciones deportivas de Pontevedra. El responsable autonómico expresó su confianza en que, una vez contratada una nueva empresa el centro lúdico pueda estar operativo en el verano de 2011. La actual situación, apuntó, se prolongara durante tres o cuatro meses, si bien aseguró que se acelerarán las gestiones para resolver el actual contrato lo antes posible. El Secretario Xeral afirmó que la conclusión del complejo es prioritaria para la Xunta de Galicia ya que dotará a la ciudad de piscinas descubiertas, de las que actualmente carece, y de varias pistas deportivas para la práctica de la actividad física”. Claro, un acaba sendo prisioneiro das súas propias palabras. Menos mal que era unha obra prioritaria, porque en Outubro de 2011, dous anos despois, nin visos tiña de licitarse, nin visos tiña de licitarse, por non saber non sabían sequera a canto ascendía o custo das obras realizadas, e se nos dixo oficiosamente, nunha reunión, que andaría no entorno dos 720.000 euros, a día de hoxe, xa estamos rematando o ano 2013, aínda non se nos comunicou nada oficialmente, tal vez porque nos teñen que devolver cartos, deses 600.000 euros que adiantamos, segundo os cálculos, así por enriba, dun home de letras que non de números, tocaríanos a devolver sobre 240.000 euros, esa é a realidade. Esa era a situación a comezos do ano 2012, o único que importaba era Pasarón, e das promesas feitas para A Parda nada de nada.

Compre recordar que a inversión prevista para A Parda era de 2.700.000 euros, dos que, dos supospostos 720.000 gastados, 600.000 saen do Concello. 2.700.000 euros, ese foi o tipo de licitación, licitouse por bastante menos, como vostede saberá.

Esta era a situación a comezos do 2012, unha situación de absoluto desinterese por parte da Xunta dende o ano 2009. Xa pasaran 3 anos das declaracións do Secretario Xeral para o Deporte e a obra seguía sen licitar, cuberta polas xestas e polas silvas e o único que se mantiña era a necesidade de facer esa obra. Así as cousas, xurde a posibilidade de plantexar unha concesión conxunta, que non unha venta, unha concesión conxunta do complexo de Campolongo e de A Parda, de xeito que, por fin, se puidesen realizar esas obras tan necesarias para Pontevedra e se puidese dispor dun novo espazo de lecer. Isto non é un asunto sinxelo e, nestes tempos de aperturas, menos todavía, pero niso comezamos a traballar, sorteando importantes atrancos, incluídos os que se nos puxeron dende a Xunta de Galicia.

A idea é licitar conxuntamente os dous espazos e conseguir unha mellora radical en Campolongo e a ganancia dun espazo deportivo importante de lecer na Parda, sen custe para o Concello, repito, sen custe para o Concello. Como lle digo, o anteproxecto está listo, os informes tamén e, en breve, levarase a proposta á Xunta Rectora. Por certo, a inversión prevista para A Parda tamén ronda os tres millóns de euros, aos que hai que sumar os outros tres de Campolongo, polo tanto, estamos falando dunha inversión moi, moi importante.

Incidencias.- Auséntase da sesión dona María Biempica Ortiz.

Falan vostedes de privatización e eu quero tranquilizalos, seguirán sendo espazos públicos, baixo réxime de concesión administrativa, exactamente igual que sucedería se as obras foran feitas pola Xunta de Galicia, exactamente igual, non sei de que se sorprende. O certo é que neste punto non estamos a atopar moita colaboración por parte do Partido Popular e eu quero animalos a que colaboren, a que se desprendan



de tutelas alleas ao Concello de Pontevedra, porque vostedes poden facer unha labor importante, poden presionar á Xunta de Galicia para que ese 1.200.000 euros que non se van a investir xa na Parada si se invistan en Pontevedra porque sempre estaremos necesitados de máis infraestruturas deportivas, polo tanto, vostedes tamén poderían facer un bo servizo os cidadáns en lugar de crítico todo a destempo, e si non van a facelo a lo menos non enreden.

Moitas grazas

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, señor Tino Fernández.

Señor César Abal, ten a palabra.

O Sr. Abal González: Moitas grazas, señor Alcalde.

Solo habla usted, señor Tino, me acaba de sorprender, siempre hacen un dos por uno, un ejercicio democrático en esta Corporación que siempre utilizan, cada vez que habla el grupo del Partido Popular ustedes hablan dos, es interesante observar como a usted le han dejado solo, señor Tino, a usted le acaban de dejar solo, usted siempre dando la cara por el otro grupo, que pena, a usted le han dejado solo en este tema, interesante, la otra parte permanece callada, muy bien.

Mire, señor González, mencionó a Louzán aquí, me gustaría, si luego replica, que explique eso de que me envió Louzán, me gustaría que lo explicase aquí, por favor.

Dijo tantas cosas, tengo aquí todo anotado, voy a ir una por una respondiéndole a todas, no voy a dejar nada atrás, y a eso de “a historia é teimuda” voulle falar tamén da historia, non quería eu tamén falar pero dixo iso e vai a ver cómo é de teimuda a historia.

Dixo que facemos a rolda de prensa á porta, que deberíamos entrar nas instalacións, debería saber que eu son usuario practicamente dende que empezaron esas piscinas, usuario, vivín todos os procesos da piscina como usuario, máis de trece anos de usuario e coñezo moita xente dentro de todos os ámbitos, señor Fernández, pódollo garantir, coñezo perfectamente a situación. Di que non lle gusta que alarmemos á cidadanía, eu alármoa, dígollo abertamente, a palabra que utilicei voulla repetir: “grave problema con risco para a saúde e integridade de todos os usuarios e empregados das piscinas de Campolongo”, non ten por qué ser só un problema estrutural, señor Fernández, ao mellor os avogados tantas sentenzas e non saben doutras cousas, este informe que fai Enmacosa e do que vostede ten copia, se quere llo entrego novamente, fíxese nunhas das cousas que, en abril de 2011, di: “varios dispositivos de protección diferencial non funcionan, existen varios circuitos sin protección diferencial en zonas húmedas” y dice que las medidas correctoras tienen que ser inmediatas, en abril de 2011, han pasado más de dos años. La propia empresa, es la propia empresa la que saca un informe, sin que nadie se lo pida, diciendo que no puede garantizar dichas instalaciones en adecuado estado de conservación y funcionamiento, equipamiento, etc., no lo puede garantizar la empresa, ¿quién lo está garantizando, señor Fernández?, a ver si nos lo puede responder.

Dice que chegamos a destempo, a destempo non se chega nunca, pódese parar todo isto, cun voto en contra dun dos dous grupos pódese parar. Mire, isto empezou no IMD, cando chego eu, e ven ao IMD un estudo de plan de viabilidade e se adxudica a unha firma que é parte interesada, o estudo de plan de viabilidade se adxudica na Xunta Rectora do IMD a unha firma que é parte interesada e non existe informe económico. Una legalidad que usted ya incumple, tenía que existir un informe económico

de la valoración del estudio del plan de viabilidad, no le importa y lo adjudica. Dice, y consta en el acta, que es muy poco dinero, que costará 10.000 o 15.000 euros, moi pouquiño, sen informe dos técnicos do municipio, vostede lle da para adiante, moi ben, chega o informe do estudo de viabilidade, 86.543 euros, moi ben!. Llega el plan de viabilidad y deja condicionada la construcción de A Parda a que sea otorgado el 50% a fondos bancarios, es decir, con el difícil acceso al crédito que tenemos hoy en día usted hipoteca, se juega a que le den a la empresa adjudicataria, no dice Servicio, probablemente ya sea Servicio, usted antes lanzaba sospechas aquí, yo se las lanzo usted, a que le den fondos bancarios, si no se los dan ¿qué va a pasar?, ¿qué va a pasar, señor Fernández?, si no se los dan, ¿qué va a pasar con las piscinas de Campolongo si los bancos no le dan financiación?, estamos hablando de 2 millones y medio de euros que le tienen que dar a una empresa, ¿qué va a pasar?, una solución responsable.

Continuamos con las irregularidades, llega la redacción del anteproyecto y es adjudicado a dedo, a dedo, ¿a quién?, solo diré que es un afiliado del PSOE en activo, adjudicado a dedo, no se le adjudicó a una firma prestigiosa de arquitectos, como el anterior, no, a un afiliado y a dedo, todo gestionado a dedo, señor Fernández, y las sospechas son cada vez más grandes.

Decía usted: “a historia é teimuda”, moi ben, vamos a falar da historia, non quería eu falar da historia pero vamos a falar da historia, que eu tamén fixen o meu traballo, mire, o BNG, ano 2001, o señor Mosquera, que está aí sentado, xa anunciaba a súa intención de recorrer á financiación privada para completar o complexo lúdico de A Parda, muy bien, siempre quisieron construir pabellones polideportivos, señor Mosquera también afirma que lo va a financiar con el dinero obtenido por la operación urbanística del antiguo cuartel de Campolongo, 450 millones de pesetas de la época, qué pasó con ese dinero, señor Mosquera, ¿dónde está?, ahí no estaba. En febrero de 2005, señor Mosquera, escuche por favor, dijo que lo financiaría con el dinero obtenido con la enajenación mediante subasta de varios terrenos, parcelas y locales de titularidad municipal, de los que esperaba obtener 4,6 millones de euros, dónde está, no está por ningún lado. Octubre de 2004, Xunta, Concello y Diputación, conjuntamente, ante las numerosas promesas incumplidas del BNG deciden financiarlo y eligen entre 8 anteproyectos el presentado por el estudio de arquitectura Irrisarri y Piñeira, anunciándose que el pabellón polideportivo proyectado quedaba fuera. Pilar Rojo deja aprobado, antes de la entrada en nueva Xunta, un reconocimiento por 2,7 millones de euros; llega a la Xunta el bipartito y Lores decide revisar el proyecto, septiembre de 2005, conjuntamente con el Director General de Deportes de la Xunta, Santiago Domínguez Oliveira, decide definir las nuevas características funcionales del proyecto, con la posibilidad de emplear instalaciones y cofinanciarlas con aportación privada, recuperando así la idea original del señor Mosquera pero dejando la financiación privada para los pabellones, señor Fernández. Durante dos años se producen preguntas parlamentarias, en Pleno, aquí, en Santiago, por el retraso de la culminación del complejo, llega noviembre de 2007, con más de dos años de retraso por el empeño de Lores y su equipo y la Conselleira de Cultura y Deportes presenta el proyecto modificado del complejo Lúdico de A Parda ocupando 10.000 metros cuadrados menos de los contemplados en el diseño original para dejar espacio al pabellón de nueva competición y anexo de gimnasia, que nunca más se supo de él. Nuevamente, en dicho acto, Lores anuncia que en el plazo máximo de 6 meses, lo dice en noviembre de 2007, sacará a concurso el proyecto de los dos pabellones, pregúntele al señor Lores dónde está ese plazo máximo de 6 meses. Septiembre de 2008, se le adjudica a la firma Teconsa la construcción del complejo lúdico de A Parda, la adjudica la Xunta del bipartido, la firma Teconsa presenta la oferta más baja,



2.300.000 euros, frente dos 2,7 en que se había dejado presupuestado el proyecto modificado. Ante las sospechas por tan bajo precio es necesario un informe técnico que descarte baja temeraria, usted y la Xunta del bipartito decidió seguir adelante. La firma presenta concurso de acreedores y ya con la nueva Xunta de Feijoo en el gobierno el nuevo Secretario Xeral para el Deporte visita las instalaciones acompañado de Lores, Teresa Casal y nuestro portavoz Telmo Martín por aquel momento; dice textualmente el señor Lores: “Teconsa chegou a executar algo menos da metade dos traballos previstos”, esto lo dice Lores, interesante, más adelante justifica, vamos a febrero de 2010, que la obra está parada, el grupo parlamentario del PP insta directamente a la Xunta del PP, el grupo de aquí, a retomar la construcción del complejo, pide que se resuelva la rescisión contractual y vuelva a licitar cuanto antes que se remate el proyecto, ante su inanición.

En septiembre de 2010 es el propio Lores el que se suma a la petición y envía cartas al Secretario Xeral para o Deporte y al Presidente de la Diputación instándoles a actuar el convenio de construcción de Pasarón y A Parda. Tan solo dos meses después representantes del Concello mantuvieron una reunión en Santiago a instancias del Alcalde de Pontevedra, la vigencia del convenio está agotada, efectivamente, las instituciones acuerdan redactar uno nuevo para superar el parón de A Parda, este nuevo convenio llega a finales de 2011, eso lo sabe usted también, Anxos, llega a finales de 2011, el Concello no lo firma alegando que hay que justificar las obras realizadas en A Parda, utiliza la excusa de falta de dinero por parte de la Xunta cuando es justamente todo lo contrario.

Es decir, usted está siguiendo adelante con este proyecto unilateralmente, si usted en cuatro años de Concejal de Deportes es incapaz de que una obra de la Xunta no la terminen, una obra empezada, que tiene 700.000 euros y no es capaz de conseguir 1,2 millones de euros para que se termine, sinceramente debe dimitir, se lo digo en serio. Esos 33.000 metros cuadrados de la zona deportiva de A Parda, el futuro parque lúdico de la zona de este de Pontevedra, ahora le meten los crematorios, le meten todo, qué más da privatizar todo esto, qué más da. Le voy a enseñar las dos diferencias, mire, iba a ir un parque público, esto no lleva concesión ninguna, señor Fernández, circuitos de footing, gimnasios y paseo, juego de niños, estancias vegetales, un aparcamiento vinculado a los viales, un aparcamiento de gran capacidad, uso deportivo, futbito, baloncesto, minitenis, squash, skateboard, para una pista de skateboard lleva años, este gobierno es incapaz de hacer una pista de skateboard para los chicos de esta ciudad, pista de patinaje, piscina descubierta, piscina infantil, juegos de agua, y puedo seguir leyendo, usted cambia todo esto, cambia todo esto simplemente por dos piscinas y cuatro pistas de pádel, 3 millones de euros, habla ahí, y que es una inversión buenísima para Pontevedra, y no es capaz de sacar de la Xunta 1,2 millones de euros en cuatro años. Vamos Jacobo y yo a la Xunta y le ayudamos, señor Fernández, renuncie, renuncie a esta especulación que está usted realizando.

Nada más. Gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, señor Abal.

Señor Fernández, ten a palabra.

O Sr. Fernández González: Brevemente, porque estou preso da inanición e debe de ser a falta de alimento que non me chega ben o sangue ao cerebro ultimamente.

É certo, non son capaz de arrincarlle 1,2 millóns de euros á Secretaría Xeral para o

Deporte para Pontevedra, non son capaz, e vostedes tampouco, vostedes tampouco, nin queren, nin queren, vostedes están a outros xogos, nin queren colaborar nin nada, simplemente está noutros xogos. Arrincarlle 1,2 millóns á Xunta, á Secretaría Xeral para o Deporte, cando non son capaces sequera de pagar o seguro deportivo do Programa Xogade e teñen que suspender as competicións de fútbol porque non poden pagar o seguro deportivo, a Secretaría Xeral para o Deporte, nota urxente de onte, non teñen para pan e están na inanición, que é no que están.

Mire, señor Abal, se vostede considera, xa falando un pouquiño máis en serio, vai permitirme esta pequena disgresión, tómea con sentido do humor, si vostede considera que na miña actuación houbo algunha irregularidade, ou na concellería houbo algunha irregularidade xa sabe o que ten que facer, xa o sabe.

A verdade é que dixo vostede tantas cousas que non sei, mire, fala vostede de que lle concedemos o plan de viabilidade a unha empresa privada que resulta que é a mesma concesionaria, a ver, iso llo pode explicar, seguramente, o seu compañeiro Moreira, está na lei de contratos do Estado, é así, unha empresa, que podía ser esta ou calquera outra, presenta un estudo de iniciativa privada e o estudo de iniciativa privada ten que contemplar un plan de viabilidade, está na lei de contratos do Estado, ten que facerse así, non hai por qué facer doutra forma, non é un problema de que sexa parte interesada ou non, simplemente que unha empresa presenta un plan de viabilidade, o cal non quere dicir que vaia ser a concesionaria, non vai a ter máis vantaxes que ninguén na concesión, o único que si é certo é que si é outra empresa a que leva a concesión terá que pagarlle a esta que fixo o plan o custe do plan, non nós, a empresa que leve a adxudicación, se vostede desconfía algo, se vostede ve algo escuro na tramitación xa sabe a onde ten que ir, e senón o acompañe eu que queda ao ladiño da miña casa, imos xuntiños alí e lle digo eu onde está o rexistro para que presente o que queira, se ten algunha dúbida acerca da transparencia.

Infórmese un pouquiño mellor, estamos facendo unha tramitación seguindo os pasos establecidos pola lei de contratos do Estado, nin máis nin menos, déixese vostede de insinuacións, de non sei que, mesturando todo, se a empresa Teconsa non sei que, mire, pregúntelle vostede a Louzán que estaba na mesa de contratación, andaba por alí tamén, pregúntelle a el si ten algunha dúbida, eu non estaba.

Fala vostede de que se o proxecto que presentaron agora nos vai custar 36.000 euros, non é así, señor Abal, non é así, iso é o que pide a empresa, pero entre o que pide e o que se le dea hai unha diferenza importante que é o informe dos técnicos municipais, que serán os que teñan que valorar o custo deste proxecto, non é dar o que pide a empresa, iso fano outros, cando poñen 7 millóns e logo lle dan 15, iso fano outros, nós non, nós somos moito máis rigorosos.

Por certo, non só hai que ler o informe hai que preguntar que cousas dese informe se arranxaron ou non, e esas que le vostede aí onde pon: "arranxo con carácter inmediato" están todas arranxadas, non só e lelo, hai que interpretalo e preguntar. Vostede sabe que cando pregunta na Concellería de Deportes, con toda amabilidade e con todo o gusto do mundo lle contestamos e poñemos á súa disposición todo o que queira, só ten que preguntar, nada máis, cando vostede queira, onde queira e como queira, pero pregunte, porque senón pode chegar a facer afirmacións absolutamente falsas que desacreditan máis a quen as fai que a quen as recibe.

Non teño moito máis que dicir, simplemente que agardamos moita máis colaboración por parte do Partido Popular da que nos encontramos e a min iso me entristece profundamente. Estamos no último tramo da tramitación, vostede verá como a obra se fai, non se preocupe, a obra vaise facer, non sei se no ano 2014 dará tempo pero da igual, a obra vaise facer, e xa os cidadáns decidirán se lles parece ben ou lles parece



mal, ou que teña que parecerlle pero, en todo caso, eu lle agradecería que, ademais das críticas lóxicas que se teñen que facer dende a oposición, tamén houbera un certo compoñente construtivo na súa labor e nos axudaran un pouco alí onde vostedes teñen capacidade de influencia, ata o de agora non foi así e, neste tema, neste millón douscentos mil dende logo non foi así.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, señor Fernández.
Señor Abal, moi brevemente, para facer a última intervención.

O Sr. Abal González: Gracias, señor Alcalde.

Parece ser que estuve diciendo inanición en vez de inacción, pero bueno, inanición es a lo que usted está sometiendo a las instalaciones municipales de Campolongo, señor Agustín, cuatro años seguidos de prórrogas ilegales y sin atender todas las necesidades.

Está hipotecando toda esa zona verde, 33.000 metros cuadrados, le vuelvo a insistir, y le vuelvo a repetir, quiero que quede constancia en acta que reitero, el estudio del plan de viabilidad se adjudica a una firma que es parte interesada y sin el necesario informe económico que los técnicos debería tener elaborado; si es mentira lo que digo puede interrumpirme.

O Sr. Fernández González: É mentira. É mentira porque non se adxudica, non hai ningunha adxudicación, a iniciativa privada preséntana eles, por propia vontade, non hai unha adxudicación, por tanto, é mentira.

O Sr. Abal González: Muy bien, tengo aquí la factura, se la voy a enseñar, es que tengo tantos papeles, tengo aquí la factura. La factura es de 86.543, la voy a entregar a la prensa ahora al terminar, no se preocupe.

El plan de viabilidad deja condicionado su concesión, que sea otorgado, el 50% con fondos bancarios, usted está muy seguro de que le van a dar este dinero a la empresa, explíqueme esa seguridad, que información tiene usted que yo desconozca. Le repito, en anteproyecto ha sido adjudicado a dedo, no hay concurso público en el que vengan todas las empresas que quieran a redactar el anteproyecto, las necesidades, dos piscinas y cuatro pistas de pádel.

Yo siento que usted vote en contra, las piscinas de Campolongo se pueden adjudicar perfectamente por separado, se podía haber hecho hace cuatro años, ya podían estar todos los pontevedreses disfrutando de unas instalaciones dignas, como es necesario, y por el empecinamiento que empezó por usted, señora Anxos, pero bueno, usted a lo mejor pensaba que ya iban a estar en el año 2010 disponibles las obras de A Parda y decidieron ligar el futuro de Campolongo con el futuro complejo deportivo de A Parda, pero hay que saber reaccionar y hay que saber actuar cuando aparecen todos los problemas. Los problemas son graves, las deficiencias importantes, no sirve con que intente desviar la atención con informes a la prensa, escudándose en los equipos de prensa, diciendo cosas que nosotros no hemos dicho como lo de la temperatura del agua, etc., esos globos sonda que usted lanza. La única realidad y que usted no desmintió en la última rueda de prensa es que, por primera vez, el vaso principal de las piscinas de Campolongo no realizó el vaciado completo, incumpliendo la normativa sanitaria, lo sé, lo sé, y tengo pruebas señor Agustín, y ya veremos cómo actuamos en el futuro.

Nada más.

Rematado o debate, sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, votando a favor 9 concelleiros (os 9 concelleiros presentes do grupo municipal do Partido Popular) e en contra 14 concelleiros (os 11 concelleiros do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE), polo que o Pleno do Concello, por maioría, acorda rexeitar a moción anteriormente transcrita, relativa ás deficiencias nas piscinas de Campolongo.

C) MOCIÓNS URXENTES.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA AO PECHE DA PONTE DE A BARCA.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (23), considérase aprobada a urxencia da moción.

O texto íntegro da moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, é o seguinte:

“El pasado martes 22 de octubre el gobierno local de Pontevedra ejecutó para el tráfico rodado un cambio de sentido en diversas calles y prohibió el acceso de salida por el puente de A Barca. Al mismo tiempo, se restringió la circulación por Alfonso XIII, permitiéndola solamente a residentes y acceso a garajes; y las Calles Alameda, General Martitegui, Echegaray, Jofre de Tenorio y A Barca se reservaron solamente para movilidad de residentes y servicios.

Literalmente, los cambios anunciados por el Concello fueron los siguientes:

"CAMBIOS NA MOBILIDADE

- Alfonso XIII se pecha o tráfico, só se permite o acceso a garaxes e residentes dende a rúa Echegaray.
- A parada de bus escolar trasládase á rúa da Barca. El
- A parada de bus da rúa Echegaray trasládase cara a avenida das Corbaceiras.
- A parada de bus turístico da rúa Alameda anúlase. Quedan só habilitadas as dúas da rúa San Roque.
- As rúas Alameda, Xeneral Martitegui, Echegaray, Xofre de Tenorio e A Barca resérvanse para mobilidade de residentes e servizos."

Inicialmente la excusa esgrimida por el Concello fue que se trataba de una medida debida a la ejecución de las obras de Acuaes en el vecino Concello de Polo, si bien las obras de ningún modo impiden ni dificultan el uso del puente de A Barca en sus dos sentidos, y ni estaba previsto que le pudiesen afectar. De hecho, la autorización que solicitó Acuaes para las obras en ningún caso afectaba al puente de A Barca.

Véase cómo decía el aviso inicial del Concello dice así:

"A obras que a empresa pública Acuaes iniciará o vindeiro martes, 22 de outubro, entre a rotonda da Ponte da Barca e o Pazo Ferreirós, no lindante concello de Poio, abriga á Policía Local de Pontevedra a elaborar un dispositivo especial de tráfico para evitar que estas obras, que teñen unha duración prevista duns dous meses, repercutan o menos posible na mobilidade da capital".



El Alcalde, responsable de la decisión, descarga la culpa de estos cambios en los funcionarios de la Policía Local, exponiéndolos ante la opinión pública por una decisión de la que ellos son víctimas y no responsables.

Estas medidas incluso han llegado a originar un conflicto institucional totalmente innecesario con la Xunta de Galicia, titular del Puente de A Barca, pues ésta en ningún momento autorizó el corte del puente por parte del Concello.

Las consecuencias de estas medidas de tráfico adoptadas por el Concello de Pontevedra son atascos de vehículos tanto en las calles General Martitegui, A Barca, Oriamar y Domingo Fontán, especialmente intensos en las horas punta de primera hora de la mañana, dos de la tarde y ocho de la tarde en adelante.

A parte de las molestias que estas medidas generan a los ciudadanos, habiendo transcurrido ya casi cuatro semanas de cierre, estos cambios están perjudicando a los establecimientos comerciales de la Calle Echegaray y Alfonso XIII, que están notando un sensible descenso en la afluencia de clientes y en las ventas, de modo que la Calle Echegaray, que solía estar llena de movimiento, se ha convertido en pocos días en una calle prácticamente muerta.

La oposición a esta medida ha quedado patente por la concentración convocada por el Partido Popular el pasado 9 de noviembre sobre el puente mismo.

Dado que el corte de A Barca ni se debe a las obras de Acuaes, ni fue autorizado por la Xunta de Galicia, es obvio que se debe única y exclusivamente a la voluntad del Alcalde. Por ello, todas las consecuencias que tal modificación trae consigo son responsabilidad única y exclusivamente de quien ha autorizado esas medidas. La vinculación que pretende hacer el Alcalde con las obras de Acuaes podría derivar en que esta situación se pueda prolongar hasta el mes de marzo y abril, pues las obras de Acuaes no finalizan en la rotonda de A Barca, sino que los tajos seguirán hacia el nudo de bomberos.

La indolencia del Alcalde ante todo lo relatado, que, contrariamente a la percepción general, sigue insistiendo en que el dispositivo de tráfico es un éxito, lleva a este Grupo Municipal a solicitar nuevamente del Alcalde de Pontevedra la apertura inmediata del acceso de salida hacia el Puente de A Barca, pues eso es lo que han solicitado los vecinos y comerciantes y resulta ser lo más razonable ante el cariz que están tomando las cosas.

Para el supuesto de que el Pleno no decida instar esa apertura, conviene instar al Alcalde a que tranquilice a los vecinos y comerciantes comprometiéndose a descartar definitivamente la prohibición actual de salida desde la calle Echegaray hacia el Puente de A Barca.

Por ello, el Grupo Municipal del PP presenta, para su debate y aprobación por el Pleno, la siguiente

PROPUESTA DE ACUERDO, con texto alternativo:

"Instar al Alcalde a que de forma inmediata dicte las instrucciones oportunas para permitir el acceso de salida desde la calle Echegaray hacia el Puente de A Barca, retirando sin más dilación las vallas y señales que lo impiden."

Alternativamente, para el caso de que se rechace la propuesta anterior, se propone el siguiente acuerdo: "Instar al Alcalde de Pontevedra a tranquilizar a los ciudadanos de Pontevedra descartando definitivamente la prohibición actual de salida desde la calle Echegaray hacia el Puente de A Barca".

Aberto o debate, o **Sr. Alcalde-Presidente** concede o uso da palabra a don Jacobo

Moreira Ferro, en representación do grupo municipal do Partido Popular.

O Sr. Moreira Ferro: Gracias, señor Presidente, moi bos días outra vez.

Mañana se cumplen cuatro semanas de una medida que ha constituido un fracaso estrepitoso, sonoro, y que no hace sino perjudicar y causar molestias a los vecinos de Pontevedra y, particularmente, a un sector que es a los comerciantes de la calle Echegaray y calles aledañas. Es una decisión que ya todo el mundo sabe que no tiene nada que ver con las obras de Acuaes, es una decisión que la propia Alcaldesa de Poio en funciones, no el Partido Popular sino la Alcaldesa de Poio ha calificado como dictatorial. Han creado ustedes un conflicto institucional vergonzoso, sin necesidad alguna, y esto ha levantado quejas hasta en Sanxenxo. Si lo que pretendían ustedes era hacer una campaña de promoción yo, sinceramente, les felicito, porque esto ha sido noticia en toda Galicia, pero no por cosa buena, precisamente.

La medida la adoptan ustedes, como suelen hacer en estos casos, escondiéndose detrás de la Policía Local, para que, claro, los reproches de la ciudadanía se dirijan contra los funcionarios que, lejos de ser responsables realmente, no son sino víctimas de decisiones caprichosas del gobierno, señor Lores.

El fracaso de estas medidas está acreditado por la concentración convocada por el Partido Popular e incluso con firmas recogidas por los comerciantes, que rondan ya las 4000 firmas. Constatado ya el fracaso, el fracaso, la única cuestión que retrasa la rectificación ahora es como puede hacer el señor Lores para rectificar sin que parezca que ha metido la pata, esa es la cuestión. Señor Lores, nosotros le pedimos que no anteponga una irracional y una injustificada defensa de su imagen política sobre el bien de la ciudad. Debe usted hacer más por el bienestar de los vecinos y menos por el malestar, que es lo que está haciendo. La lógica invita a acelerar la rectificación y a decretar, de inmediato, la apertura del puente. Si es su orgullo y su imagen, bastante degradada por este asunto, lo que le impide rectificar, yo le sugiero que ceda, que pida perdón, y que abra el puente, los ciudadanos lo van a entender, es más, incluso creo que ese gesto le haría salir fortalecido porque los ciudadanos saben perdonar a quien se equivoca pero que, al mismo tiempo, pide perdón y reconoce que se han equivocado.

Ustedes han generado ahí un problema innecesario, innecesario, además sorprende como táctica política porque fíjense que lo tenían fácil, unas obras que está promoviendo el gobierno del Estado a través de una empresa pública, lo tenían fácil para criticar los problemas que generan las obras y protestar por las obras y la rotonda de A Barca, lo tenían fácil pero, claro, se metieron ustedes en un jaleo que no es más que una metedura tremenda de pata sólo comparable, recientemente, al anuncio del premio estafa Pablo de Tarso, por cierto, premio que ustedes siempre se empeñan en evitar citar en su currículum, y ¿todo por qué?, pues todo para experimentar con un artificial incremento del tráfico en el Puente de As Correntes. Ustedes son tan predecibles, tan predecibles, que desde el grupo municipal del PP les vimos el plumero desde el principio. Todo empezó con una noticia que salió en el mes de junio en un periódico de Pontevedra que anunciaba que ya se cumplía el primer año el funcionamiento del puente de As Correntes y que no se sabía cuál era su utilidad porque, decían ustedes, que no sabía porque no tenían medición de aforos. Claro que la tenían, claro que la tenían lo que pasa es que la escondían porque las cifras eran tan bajas y tan llamativas que se daban cuenta de que sacar a la luz esas cifras y revelarlas constataba que el puente había sido una inversión millonaria pero que no resultaba necesaria, algo que siempre defendimos desde el grupo de PP. En el grupo municipal del PP, internamente, vaticinamos que buscarían ustedes una fórmula



para llenar artificialmente de tráfico el puente de As Correntes y que después de obligar a la gente a meterse por el puente de As Correntes entonces si establecerían una medición de aforos, pues ya está, una vez que han obligado a la gente a la fuerza, no por voluntad, a la fuerza, si no quieres ir por el puente de As Correntes vas a la fuerza, pues ahora que mandan a la fuerza los coches, como suelen hacer ustedes, claro, ahora hacen la medición de aforos, mire que simpáticos son. Es algo, señor Lores, entre usted y el señor Mosquera, ya son conocidos personajes en estas lides y yo quiero comentarles aquí cosas que se han dicho muchas veces, frases muy elocuentes y que tienen plena vigencia hoy en día, mire, había un señor que decía: “un político tiene que tener ideas, tiene que tener propuestas, pero lo que no puede es ponerse a dibujar y a Mosquera le gusta mucho dibujar, así comete errores propios de una persona que es lega en la materia”, esta persona está sentada aquí y se llama Antón Louro, es su socio de gobierno pero yo creo que aquí tenía clara visión de lo que estaba pasando. Otra persona, en su momento dijo: “o señor Mosquera está decidiendo pola súa conta por onde van os fluxos de tráfico e cando teñamos o estudo de tráfico nos vamos a atopar con que non hai nada que ordenar, simplemente será un retraso so que está feito”, esto lo dijo la exconcejala Teresa Casal en el año 2006 y esto es la repetición de la historia del señor Lores y el señor Mosquera, este tándem tan conocido en Pontevedra. Señor Lores, su socio en estas gamberradas, el señor Mosquera, llegó al extremo en el año 2005 de encargar un estudio de tráfico invitando a una empresa que, al parecer, cuando fue invitada no estaba ni constituida, caso en relación al cual la, entonces, portavoz del Partido Popular Teresa Pedrosa concluyó que esa empresa se creó ex profeso para dar el visto bueno al diseño urbano y al plan de tráfico que había ordenado el propio señor Mosquera. Señor Lores yo, con todo el respeto, creo que esa conducta merece un diagnóstico porque no es una conducta normal.

Traemos aquí esta moción, una vez más, ya la trajimos para que ustedes abrieran el puente de A Barca y votaron en contra, la volvemos a traer pero conociéndoles sabemos o podemos intuir que votarían en contra, por lo tanto, al menos, les pedimos alternativamente, y así lo expresa el texto de la moción que, al menos, tranquilicen a los ciudadanos, a los comerciantes y se comprometan, señor Lores, a descartar definitivamente la idea de prohibir la salida por el puente de A Barca desde la calle Echegaray, es decir, la idea del carril único en el puente de A Barca.

Señor Lores, le pido que la próxima vez que quieran hacer experimentos convoquen, si quieren, una asamblea del BNG, o de lo que queda del BNG y hagan por ahí los experimentos que quieran pero, por favor, por favor, absténganse de usar a los vecinos de Pontevedra como cobayas, moviéndolos de un lado a otro, poniéndoles vallas por sorpresa en las calles... si quieren experimento yo creo que ya lo han tenido, ustedes han subido los impuestos en Pontevedra, nos fríen a multas, ahora, por si fuera poco han pintado la ciudad y compran un multamóvil para que en esas zonas pintadas de amarillo se pueda sancionar a diestro y siniestro y, por si eso fuera poco, encima nos someten a todos los ciudadanos a una tortura a la hora de entrar y salir de Pontevedra, entonces, hagan el favor de no hacer más difícil todavía la vida de los ciudadanos, entren en razón, abran el puente de una vez y, si no, por lo menos, como mínimo, lo que le pedimos es que se saquen de la cabeza la idea esa del carril único en el puente de A Barca.

Nada más y muchas gracias.

Incidencias. - Auséntase da sesión don Vicente García Legísima.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, señor Moreira.

Ten a palabra don Antonio Louro Goyanes, en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

O Sr. Louro Goyanes: Gracias, señor Alcalde.

A verdade é que o señor Moreira, neste asunto da ponte de A Barca veu o ceo aberto, veu unha grande oportunidade porque nos seus cálculos electorais, que son permanentes, cando as eleccións todavía quedan moi lonxe, pois cre que lle pode reportar algún rédito e isto, as veces, pódoo situar no campo do oportunismo máis miserable.

Señor Moreira, no que atinxe ao corte de tráfico na ponte de A Barca o PP tivo moita presa por traer este asunto ao Pleno, no pasado Pleno, atraídos sen dúbida por certo aroma electoralista e facilón pero pouco reflexionado.

Nós, no Pleno anterior, cando vostedes plantexaron isto aquí, dixémoslle con claridade que había que tomar unha decisión e tomouse unha decisión, porque había unhas obras que facer e, calquera decisión futura pasa por estudar e pasa por dialogar, e por aí vai a posición do grupo municipal socialista, é coñecida. Nós opinamos que se están a realizar unhas obras moi importantes para mellorar o subministro de auga a Poio e a Sanxenxo e ao conxunto dos concellos da ría, entre eles o Concello de Pontevedra e estas obras implican dificultades para manter o tráfico rodado nos dous sentidos, e os socialistas pensamos que hai que axilizar ao máximo a realización destas obras e, unha vez rematadas, debe reabrirse a ponte que comunica os dous municipios, a ponte de A Barca, e agardamos que isto se poda facer o máis rápido posible. Fronte a isto atopámonos con que o PP tiña moito que interese en montar unha manifestación. A min chamoume o señor Moreira, e o digo en público, señor Moreira, porque vostede tardou tres minutos en dicirlo a todos os medios de comunicación, chamoume para dicirme “oye, ven a la mani, que vamos a manifestarnos” e non estaba eu con ánimo para tal cousa e non fomos á mani, non fomos á mani, eu creo que acertei porque imaxínese vostede, xa vostede fixo o ridículo levando ao grupo á mani e ademais evidenciaron que non había moito seguimento e, polo tanto, non tiveron fortuna con esa mani.

Eu, sinceramente, creo que as institucións están para resolver e mitigar os problemas dos cidadáns, e non para crealos gratuitamente, e eu creo que o Concello de Pontevedra, o de Poio e, mesmamente, a Xunta de Galicia, ante posibles decisións de futuro teñen que dialogar e teñen que acordar e agora estamos onde estamos, estamos realizando unhas obras e hai interrupción do tráfico nun sentido na ponte de A Barca. O que nós pensamos e defenderemos é que, unha vez que se acaben as obras, unha vez que se acaben as obras se restableza o tráfico nos dous sentidos, e iso non quita, para nada, que decisións futuras que nos poidan convencer a todos podan cambiar situacións presentes, pero iso pasa por estudar, por dialogar e por acordar. Esa é a nosa posición que a queremos reiterar e creo que é unha posición de sentido común e unha posición que todo o mundo entende.

Termino a miña intervención dicíndolle, señor Moreira, non se queira aproveitar de todo porque se nota demasiado e a xente non é nada tonta.

Nada máis e moitas gracias, señor Alcalde.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, señor Louro.

Seguidamente, concede o uso da palabra a don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo,



en representación do grupo municipal do BNG.

O Señor Mosquera Lorenzo: Gracias, señor Alcalde.

Supoño que, ao principio, cando non intervimos sobre algún punto pois agora se entenderá, porque é obvio que se notaba unha grande afición a estenderse e falar sobre moitas cousas, agora está moi avanzada, algunha intervención sobrou, mellor sería non telas feitas. O do señor Moreira, por si había algunha dúbida, ven a ratificar o que se dixo aquí no Pleno pasado de que realmente están nunha ofensiva total e absoluta contra o modelo de cidade. Sacar agora historias do ano 2005 ou 2003, ou sexa, non o levaron ben, non o levaron ben, o señor Ricardo Aguilar tamén o explicou moi ben, está todo mal feito, os seus premios están todos equivocados, andamos buscando premios, todo está fatal, nos equivocamos sempre, esta cidade dende hai 14 anos non ten rumbo, non sabe que modelo ten, cada vez que se adopta unha decisión sempre é para experimentar, home, polo menos concédanos que algo de experiencia temos, sabemos aprender da experiencia, se cadra que o que fixemos no 1999 fose para experimentar, non foi, estaba moi estudado e funcionou, pero podía acusar, no 2000 podía acusar, ou no 2001, pero home xa 14 anos facéndoo e dicir agora que é para experimentar pois, home, algo de neurona como para aprender da experiencia xa temos e tiñamos moi claro por onde tirar e temos resolto os problemas.

Evidentemente, nin os comerciantes de Echegaray seguen a súa postura porque demostran máis sensatez e todo o mundo, que entende algo desto, sabe que se non se chega a facer o operativo que se fixo Pontevedra chegaría o día que estaría absolutamente colapsada. Aproveita, polo medio, para meter unha serie de cousas estrañas e fora de lugar. Está vostede agora coa campaña esa de que se poñen moitas multas, sabe cál é o promedio de multas diarias que se poñen en Pontevedra?, sobre 50, na rúa Echegaray só podíanse poñer 300 cada día. Está claro que non se está a recadar coas multas, estanse usando para corrixir certos comportamentos que se pasen de medida, e segue vostede dálle que dálle. Tamén fala de conflito institucional, o dos conflitos institucionais vostede enténdeos barbaramente, si os pais de Salvador Moreno piden que se poñan lombos en Rosalía de Castro e a Xunta marea ata a extenuación para ao final dicir que non iso non é un conflito institucional, iso non o é, se o fai a Xunta nunca é un conflito institucional, e se larga, por exemplo co acceso á estación de buses, o Conselleiro pídenos, pídenos, que o Concello faga unha obra que é del, que é da Consellería, pedímoslle que mande un escrito porque non podemos facer a obra meténdonos nuns terreos que non son nosos, e estamos agardando, mire, así non, dous anos agardando, dous anos, é moi curioso o que son os conflitos institucionais.

O que xa é absolutamente brillante é o da ponte de As Correntes e a película que se monta, neste momento aínda non hai aforadores na ponte de As correntes, nin o había nin o hai, non, non o hai, os mesmos datos que se podían dar hai dous anos, o ano pasado ou hoxe, ogallá o houbera pero non o hai. Pero, vaia a ponte de As Correntes, non sei que facía vostede na inauguración, non sei que facía Ana Pastor, non sei que facía Agustín Hernández, non sei que facía Alberto Núñez Feijoo, que por desgraza despois desluciuse polas preferentes e demais, non sei que facía dicindo alí unhas cousas bonitísimas, os discurso oficiais eu teño tendencia a esquecelos pero algo acordo, unhas cousas preciosas, unha cousa extraordinaria, non sei, estaban todos equivocados, o estaban os que fixeron o plan de 1989, os que a tiñan deseñada no ano 1970, os que fixeron o plan do 89, todos os grupos que o votaron, todos estaban enganados, todos e, aparte, o señor Núñez Feijoo, o señor Agustín

Hernández, que viñeron alí a dicirnos unhas cousas preciosas sobre o valor da ponte. Non me quero imaxinar a situación que se produce co corte este das obras se non existira a ponte de As Correntes, entón si iamos ter un problema moi serio.

Imos ao fondo da cuestión, aí hai uns viais, chámese Echegaray, Colón, Alfonso XIII, chámese a rúa de A Barca de Poio, que son posibelmente os que maior tráfico rodado soportan dun vial da Xunta en toda Galicia, polo menos dun vial convencional, moi ben. Hai unha situación na que, un día que chove, cruzar a ponte de A Barca é unha aventura, hai unha situación na que pasar de A Caeira ao Burgo, por exemplo, é xogarse o tipo, iso parece que non lle preocupa a ninguén, hai que ter todo con tráfico e ten que chegar a caravana alá ata a costa de Poio, todo iso non hai problema, temos na saída de Echegaray e de A Barca, as veces, retencións que chegan ata a praza de Galicia e non hai problema, non hai ningún problema, a ninguén lle preocupa, todo o que preocupa é un operativo que se fai agora e o futuro non lle importa e xa en previsión, mire, estase reproducindo exactamente o mesmo que pasou en Sagasta, na avenida de Vigo e demais, e sempre o mesmo, cando hai dobre fila e moito tráfico non toques porque vai haber problemas, iso é o que se está reproducindo, que non hai ningunha novidade, xa sucedeu, mire, ata lle sucedeu a un Alcalde seu, a Juan Luis Pedrosa cando quitou a dobre fila en Benito Corbal primeiro tramo, ata sucedeu iso, e agora por onde pasa un ambulancia e non sei que, mire vostede, agora a preocupación é se pasa a ambulancia ou non pasa que pode pasar por unha beirarrúa o problema é a dobre fila, o problema é a situación esa, non é ningunha novidade, é un operativo de tráfico que, para a situación na que se dou e sobre todos que coa chuvia da primeira semana funcionou ben, non había outra alternativa mellor é punto, e con respecto ao futuro pois cada un decidirá, cada administración e demais. A Xunta está nunha campaña de trincarse o modelo urbano de Pontevedra pero descaradamente, nas formas e no fondo, pode completar a variante de Marín, carísima e non sei canto, agora, facer un pequeno vial no Vao para facer unha alternativa á Barca non, iso non, nin de broma. Viales da Xunta que pasaban por poboados fíxolle variantes a algúns que tiñan moito menos tráfico que ten a Barca de Poio, e a ponte de A Barca ou Echegaray e Colón, agora aquí non, por moito que se lle pida, non, non, están colocando lombos en viais deles en cantidade de sitios agora en Rosalía de Castro non, non, etc., nin tan sequera lle contesta ao Alcalde cando o convida ao Intermodes e demais, alá vostedes, desataron esa ofensiva, moi ben, entón xa queren facer un lazo corredizo para o futuro, para que se abra, para non sei que, mire, déixense de lérias, o único que lles molesta, ao PP de aquí e ao de Poio é as medidas que adoptamos os concellos, o que fixo a Xunta de non comunicalo e deixarlle a empresa un corte que metía todo o tráfico pola Caeira para arriba e para abaixo iso está bárbaro, agora, poñer dirección única na Caeira é obxecto de crítica no PP de Poio, poder dirección única en A Barca para evitar o follón é a súa bandeira, home, por favor, pensen un pouquiño no funcionamento, creo que se ten demostrado que en Pontevedra os operativos de tráfico, en xeral e afortunadamente, temos un departamento de mobilidade que sabe facelos e funcionan razoablemente ben, dentro das circunstancias, hai momentos, pero funcionan francamente ben.

Unha última advertencia, a defensa da anarquía absoluta do tráfico e da dobre fila non vai a ningún lado, e se pensan algún día en gobernar, se o pensan que parece que non, hoxe parece que tomaron unhas guindillas pola mañá e veñen abraveados, porque é moi tarde senón contaba unha anécdota sobre isto pero mellor que non, entón non se dediquen a xogar con esas cousiñas que dan moi mal resultado.

Moitas grazas.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas grazas, Sr. Mosquera.



Sr. Moreira ten a palabra.

O Sr. Moreira Ferro: Gracias, Sr. Presidente.

Mire, Sr. Mosquera, a decisión de cortar a ponte de A Barca foi súa e non gusta nin ao Alcalde de Poio, nin á que no seu momento foi Alcaldesa de Poio en funcións, que dixo que foi unha decisión ditatorial, e iso supoño que se refire ao Sr. Lores e a vostede, non se referirá ao Partido Popular. A Xunta de Galicia non contaron co seu aval para cortar a ponte a pesar que é a titular da ponte, nin os veciños, nin os comerciantes, é que é posible contentar a máis xente con unha soa decisión, é que é imposible, Sr. Mosquera, é imposibles.

Vostede en particular, chegou incluso a menosprezar e a enfrontarse cos comerciantes de Echegaray e saíu dicindo de que Mosquera acusa ao PP de promover as protestas dos comerciantes por o ponte de A Barca. Me alegro de que días despois o martes 12 de novembro, saíu na prensa, saíron os comerciantes de Echegaray desmarcándose do PP e dicindo que a eles non os manexa ninguén.

Dende logo, vostedes están acostumbrados a facer as cousas de unha maneira, pero o que lle fixeron aos comerciantes de Echegaray, creo que, como mínimo, lles debería pedir desculpas, porque parece que cando alguén está desconforme con algunha medida de ordeno e mando do goberno, parece que vostede di: non, son os do PP que están detrás. Mentira, creo que quedou claramente e non ten nada máis que ver as portadas dos periódicos do día seguinte á concentración que nas portadas non sae ningún dirixentes do Partido Popular, saían veciños afectados por esta medida.

Sr. Louro, vostede o que di aquí, moi grandilocuente todo, hai que buscar consenso e tal, vaia aos comercios de Echegaray e dígalle iso á cara a cada un dos comerciantes, sabe, porque moitos deles están minguando as vendas nun 50%, dígallo á cara, non o diga que aquí está vostede moi parapetado, vaia alí e fale con eles á cara, e vaia ás nove de a mañá ou ás oito da tarde e os atascos de Domingo Fontán o da rúa de A Barca, ou de Xeneral Martitegui, vaia coche por coche, que lle baixen a ventanilla e dígalle a cada un dos que vai no coche, alí aguantando o atasco, dígalle, tranquilo que hai que buscar consenso, dígallo, porque é moi bonito falar así con palabras moi grandilocuentes e moi bonitas, pero a xente que sofre iso e o sofre todo o mundo, os comerciantes de Echegaray son un sector afectado particularmente por intereses persoais, porque está vostede xogando co seu pan, co seu negocio, co seu medio de vida, xa é difícil hoxe vender e cobrar, pero o máis difícil é se vostedes están cerrando as portas a unha rúa que ten moitísimo dinamismo económico, entón vaia e dígallo á cara se fai o favor.

Din que hai que estudar, pero que queren estudar?, pero vostedes non viven nesta cidade, pero que informen fan, o informe facémosllo nós e que é un desastre, foi un fracaso absoluto, Sr. Mosquera, Sr. Lores, un fracaso e agora que pasa que queren un informe á carta que lles diga que avale ou que lles quite os colores á hora de xustificar a apertura da ponte de A Barca, que estamos, xa lle insisto, recoñezan que se equivocaron, dean marcha atrás, non vai pasara nada, eu comprométome a dicir que non recuaron pola convocatoria que fixo o Partido Popular, tranquilo, se esa é a preocupación que teñen estean tranquiliños que non nos imos poñer colorados pero por favor polo ben da cidade abran a ponte de A Barca.

Mañá se cumpren catro semanas, e vostedes Sr. Mosquera está experimentando, está xogando pero en vez de xogar con un xogo de nenos na casa ou con un plano da cidade está prexudicando aos veciños. Xa meteu a pata en mas ocasións, esta non é a primeira vez, xa o fixo cos aledaños do Hospital Provincial, co sentido de

Loureiro Crespo, xa meteu a pata máis veces e xa recuou, polo tanto non hai motivo para que non recúe outra vez.

Fala vostede da recadación de multas, diga o que queira, eu fállolle con papeis e as previsións orzamentarias de ingresos, que xa eran bastante superiores aos dos anos anteriores, eran de 1.300.000 euros, que xa superaban en 400 mil euros as previsións de dous anos antes. Ao final recadaron máis de 1.830.000 euros, eses son números, esas son cifras, fale vostede da estatística que queira segundo lle veña pero esa é a realidade, os cidadáns están fritos a multas por vostede e máis que lles van freir cando compren o multa móbil, por certo, comprado a unha empresa que non é de Pontevedra, nin é de Galicia, pero esa é fariña de outro costal.

Vostedes xeraron un conflito institucional innecesario, pero onde se viu que se faga un operativo de tráfico sen consensualo con todas as administracións, e que iso é inconcebible hoxe en día, eu non sei que o que pensou o conselleiro cando veu o que estaban facendo vostedes. É unha anarquía absoluta, o mínimo e ter un respecto institucional e polo ben dos cidadáns pactar os cortes e pactar as medidas de tráfico.

E a ponte de As Correntes, vostede coñece a nosa posición de que dicíamos de que esa ponte non era necesaria e os datos nos avalan, pola ponte de As Correntes non se cumprían as expectativas que vostedes tiñan postas, por iso obrigan á xente, porque a obrigan a ir pola ponte de As Correntes, e agora si están medindo os aforos, están alí os cables conectados e a centralita, si, pode ir a velo e vostede diga que non sabe nada. Me gustaría saber os datos dos aforos de antes desas medidas do corte da ponte de A Barca, eses non os di vostede.

Sr. Mosquera, fala de alternativas e di que se montaría un lío monumental se non se pechara a ponte de A Barca. Vamos a ver, eu non digo que se se abra a ponte de A Barca non fora a haber atascos, habería atascos igual, pero non está vostede comigo en que se hai dúas pontes e máis fácil que haxa menos atascos que se só hai unha saída. É que iso é pura lóxica, Sr. Mosquera, non hai que pensar moito nin hai que estudar unha carreira de enxeñería para pensar iso, se hai dúas saídas e máis fácil que se evacúe de formas máis rápida que se hai unha saída, es un principio básico, entón vostede o que está facendo, lles di aos cidadáns teñen aí unha ponte para pasar pero non me dá a gana de deixarte pasar, vaite dar unha volta por toda a cidade, sométete a un atasco e xa está, que o operativo é un éxito, meteu a pata tremendamente porque o día que vostede estaba dicindo iso no Partido Popular estábamos gravando un vídeo de un atasco e é insufrible ver ese vídeo porque non dá avanzado o vehículo.

Esa é a realidade, vostede fala e sen coñecer a realidade, porque haberá xente que vive no outro extremo da cidade ou os que non pasan por Pontevedra que ao mellor cren que é verdade, claro, leen no periódico, Mosquera di que é un éxito, pois é un éxito pero os que o están vivindo non son parvos nin están cegos e Sr. Mosquera.

En definitiva, vostedes meteron a pata, foi un fracaso absoluto, vostede o outro día creo que foi á radio e lle deron bastante ben ata no carné de identidade, pero que é o que quere?, que esperaba?, que lle alabaran as medidas que está adoptando. Recoñezan de unha vez o erro, e senón queren abrir a ponte de A Barca que eu supoño que xa por orgullo político, porque é o que lles interesa o orgullo político, senón o queren abrir agora polo menos deixen tranquilos aos cidadáns, aos comerciantes e díganlles que descartan de forma definitiva esa medida absurda do carril único na ponte de A Barca.

Nada máis e moitas gracias.



O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, Sr. Moreira.
Sr. Mosquera, brevemente.

Sr. Mosquera Lorenzo: É que estamos outra vez na mesma situación, non vou a entrar en toda esa argumentación que son unha colección de tópicos.

Mire, quen dixo que funcionaba moi ben o martes e o mércores foron os medios de comunicación non fun eu, agora se despois hai alguén que se encarga do conflito do venres, porque o venres foi un día difícil de esa semana e demais.

Mire, o sexa que a Xunta acordou un operativo coa empresa sen comunicalo ao Concello de Poio nin ao de Pontevedra e é culpa do Concello de Poio e mailo de Pontevedra, non faltaría máis, iso se chama consensuar coas administracións. Vostede é que non hai peor que ter orelleiras e que non veu a foto da reunión na que estaba o Alcalde de Poio, en contra o Alcalde de Poio, pero si estaba o Alcalde de Poio diante, na reunión que se do xoves antes do corte, e que son unhas cousas absolutamente fantasiosas.

Mire, a ponte de As Correntes non é o que máis orgullos estou, é o tráfico peonil e ciclista, pode estar seguro, cousa que a vostede non lle preocupa, obviamente, obviamente non lle preocupa nin que vaian moitísimos coches.

O que se trata é que por A Barca e por Colón pasen máis coches que pola autoestrada, esa é a situación ideal, perfecta para o seu concepto, os peóns, a calidade urbana, iso evidentemente non lles interesa, non vaia a ser, non é o seu modelo, están en contra de el, pois mala sorte, hai un debate clarísimo de modelos e demais.

Entón, intentouse por activa e por pasiva, se quere ensínolle un día, lle ensina o Alcalde, todas as cartas que se mandaron ao conselleiro e todas esas misivas que manda, por senón se fía das conversacións, por activa e por pasiva intentar ter un acordo sobre a ponte. Que é o que se está facendo agora con motivo de este operativo?, de maneira preventiva intentar sabotear toda a posibilidade de que se poda chegar, iso é obvio. Os que están activamente en contra de o modelo, os mesmos que estiveron en contra de Sagasta, de Concepción Arenal, etc., ven que había algunha remota posibilidade de que se chegara a ese acordo e a ponte de A Barca realmente fora unha conexión peonil decente entre Pontevedra e Poio e están activadísimos para saboteala, moi ben, xa o sabemos, xa o comprobamos. Agora, dicir que as colas agora son infinitamente peores que antes, é mentira, radicalmente mentira e sábeno perfectamente. É a súa campaña e xa esta.

Eu estiven cos comerciantes de Echegaray, pedíronme que a reunión fora discreta, foi discreta, filtrouse despois non pola miña parte, e con moitos, ningún defendeu abrir A Barca, e vostedes en súa campaña de defender A Barca. E repito o mesmo ao principio estiveron vostedes detrás ou algún dos seus militantes caramba, outra cousa é que se desmarcaran, case todos sabemos o que pasa nesta cidade e acabo Sr. Alcalde, evidentemente imos a votar en contra e nada máis.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moi brevemente Sr. Moreira.

O Sr. Moreira Ferro: Para pechar Sr. Alcalde, moitas gracias.

Sr. Mosquera, mire, na foto esa que vostedes fixeron para a prensa, como non había ninguén da Xunta de Galicia, ou había alguén?. Eu non vin a ninguén da Xunta de Galicia, non é o normal, xa non digo entre políticos home, porque de feito non sei que facía vostede alí, porque se é un tema técnico tiñan que estar os técnicos, por que

non convidaron a un técnico da Xunta de Galicia se querían cortar a ponte de A Barca e consensualo, e que non o entendo, Sr. Mosquera, o que pasa aquí non pasa en ningún sitio.

O que lle quero dicir e que vostedes levan anos con esa idea na cabeza, levan anos, e atoparon agora unha oportunidade de dicir como hai obras en outro lado metémolo como escusa e facemos a nosa idea que desde logo, en liña coa opacidade deste goberno, nun campaña electoral nunca dixeron o que querían facer coa ponte de A Barca. Vostedes, por que non explican abertamente nunha campaña electoral o que queren facer, por que non o explican, non o explicaron, polo menos nas últimas campañas nas que estiven presente non o explicaron en ningún momento. Que hai que actuar na ponte de A Barca, podémolo falar, pero as cousas non se fan así, Sr. Mosquera, non se fan así. O do tráfico peonil e ciclista, probablemente ande eu máis en bicicleta que vostede, eu sufro bastante o tráfico ciclista en Pontevedra, entende, preocúpese de outras cousas, preocúpese, por exemplo, de facer un paso de peóns na ponte de Santiago que hai que saltar unha barreira infrinxindo as normas cando un quere cruzar a ponte, por que non se preocupa de iso, Sr. Mosquera, entende, que iso é unha barreira absoluta para chegar a Illa das Esculturas, iso o sufro eu e o sofre moita xente.

En definitiva, pídolles que dean marcha atrás, que recoñezan o fracaso absoluto, Sr. Mosquera, un fracaso que vostede cometeu aquí e o Sr. Lores, que pidan perdón aos cidadáns, que pidan perdón aos comerciantes, entende, que estanse xogando os seus postos de traballo que iso a vostedes non lles preocupa nada, veñen ao sentido común e deixen de facer experimentos e eses experimentos se os queren facer fáganos na sede do BNG.

Moitas grazas.

Rematado o debate, sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, votando a favor 9 concelleiros (os 9 concelleiros presentes do grupo municipal do Partido Popular) e en contra 13 concelleiros (os 10 concelleiros presentes do grupo municipal do BNG e os 3 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE), polo que o Pleno do Concello, por maioría, acorda rexeitar a moción anteriormente transcrita, relativa ao peche da ponte de A Barca.

D) CONTROL E SEGUIMENTO DO GOBERNO LOCAL

9.- COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS.

O Pleno do Concello toma coñecemento dos decretos ditados pola Alcaldía e resolucións ditadas polos Concelleiros de Goberno e polos órganos directivos durante o mes de outubro de 2013.

10.- PREGUNTAS.

A) DO CONCELLEIRO DO PARTIDO POPULAR, D. PABLO FERNÁNDEZ LÓPEZ, SOBRE FELICITACIÓN Á BANDA DE MÚSICA DE SALCEDO.

O Sr. Fernández López: Aproveitando este turno de intervención que se me otorga gustaríame, para pechar o Pleno con bo sabor de boca, facer pública unha felicitación que, polo menos dende este grupo municipal, e gustaríame que o Presidente o fixera extensivo ao resto do Pleno, á Banda de música de Salcedo que acadou onte



SECRETARÍA XERAL DO PLENO

o primeiro premio na sección primeira no certame galego de bandas de música populares de Galicia e que creo que é un orgullo contar cunhas das mellores bandas de música nesta cidade.

Contesta o **Sr. Alcalde-Presidente**: Non hai ningún problema, todo o contrario, por parte de todos os grupos. Queda tomado en consideración e ademáis para comunicarlle o acordo plenario.

B) PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D. PABLO FERNÁNDEZ LÓPEZ, EN RELACIÓN CO TRÁFICO NA RÚA LOUREIRO CRESPO.

O **Sr. Fernández López**: A pregunta é unha pregunta moi sinxela e a dificultade que teño e que non sei a quen dirixirla, non sei se é ao Concelleiro de Urbanismo, se é ao de Mobilidade, se é ao de distrito, eu lanzo a pregunta a ver se algún me contesta, porque co que vemos na prensa e coas contradicións que hai non sei a quen dirixirla, a pregunta simple, que sentido vai ter Loureiro Crespo no futuro?.

O **Sr. Alcalde-Presidente**: Pos non sei se se pode contestar.

O **Sr. Louro Goyanes**: No futuro haberá que velo, haberá que ver ese futuro, en todo caso o que si sabemos e que a circulación en Loureiro Crespo, o que está previsto, pero o futuro querido amigo...

11) ROGOS.

Non se formularon rogos.

O Sr. Alcalde-Presidente deu por finalizada a sesión, sendo ás 14:32 horas, de todo o que eu, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.

Visto e praxe

O Alcalde,

O Secretario Xeral do Pleno,

Miguel Anxo Fernández Lores.

José Luis Mato Rodríguez.